



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de xullo de 2021 (1043/1102)

ASISTENTES:

NON ASISTENT:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (online)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font (online)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día oito de xullo de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos e das concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(571).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 30 de xuño e ordinaria do 1 de xullo 2021. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila dSr.Alcalde-presidente.

2(572).- PROPOSTA DE CONCESIÓN/DENEGACIÓN DAS SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS ANO 2021. EXPTE. 212099/301.

Visto o informe xurídico do 29/06/2021 e o informe de fiscalización de data 30/06/2021, dáse conta do informe-proposta do 29/06/2021, asinado pola xefe do

S.ord. 08/07/2021

servizo de Benestar Social, polo xefe de área de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Política de Benestar social, que di o seguinte:

I. INFORME

Tramitado o correspondente expediente de subvencións a asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2021, resultan os seguintes feitos:

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05.03.2021 aprobáronse as bases e a convocatoria de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais (BOP nº 53, do 18.03.2021 e extracto no BOP nº 56, do 24.03.2021).

I.2. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, a instrutora do expediente, co informe da Comisión de avaliación de data 27.05.2021, formula proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, achegando a Acta da citada Comisión na que se detalla a proposta de concesión e denegación de subvencións reseñando, de ser o caso, o concepto e o importe das mesmas.

I.3. Existe crédito adecuado e suficiente na aplicación nº 2310.489.00.00 ("*Subvencións a asociacións, entidades, etc. de carácter social*") do vixente orzamento de gastos, por un total de 70.000,00 €.

I.4. O reparto do crédito dispoñible establécese en función da puntuación obtida ao valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes.

I.5. O importe exacto a conceder ascende a **69.705,58€**, unha vez minorada a diferenza existente entre a contía que lle correspondería segundo os puntos acadados e o importe solicitado polas entidades: ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER, FEDERACIÓN COGAMI PONTEVEDRA, FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA, ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO, ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES, ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A UNIÓN DE MATAMÁ.

I.6. As entidades solicitantes presentaron declaración responsable no Servizo de Benestar social de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Esta declaración substitúe á presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas están destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social, utilizándose, polo tanto, a simplificación na acreditación, segundo establecen o Art. 31.7 i) da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os Arts. 24.4 e 7 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.7. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.



Concello de Vigo

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento a cantidade de 69.705,58€ en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2021, segundo o seguinte desglose:

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACIÓN OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO
22	216642/301	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	PROXIMIDAD LOCAL	36	2.762,28
12	216134/301	ASOC ACCION SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	DARNOS: AXUDA A PERSOAS MAIORES EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	33	2.532,09
17	216405/301	FUNDACION ALDABA	ACTIVÁMONOS II	32	2.455,36
3	215486/301	FUNDACIÒ ISIDRE ESTEVE	Centro Ponte de Vigo	30	2.301,90
38	216868/301	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	FACILITANDO O ACCESO A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	29	2.000,00
41	216888/301	FUNDACION DE LA SANTA CRUZ FUNDACION CANONICA	PROYECTO DE ACOMPAÑAMIENTO SOCIAL 2021 – SOMOS PERSONAS ACOMPAÑANDO A PERSONAS	29	2.225,17
1	215348/301	ASOCIACION XARUMA	NATURALMENTE	28	2.148,44
27	216728/301	FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA	Servizos de emprego específicos para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento da provincia de Pontevedra	28	1.550,00
28	216732/301	FUNDACIÓN AMIGÓ	ATENCIÓN PSICOLÓGICA DEL PROYECTO CONVIVIENDO VIGO	28	2.148,44
21	216641/301	FUNDACION JUAN SOÑADOR	PROXECTO SOCIOEDUCATIVO NA RÚA VIGO	27	2.071,71
10	216058/301	ALENTA-ASOCIACION DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	Proxecto de Benestar físico a usuari@s afectados de dano cerebral adquirido	26	1.994,98
13	216213/301	ASOC NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION ANHIDA	APOIO ESCOLAR E PSICOLOXIA PARA NENOS E NENAS CON TDAH	26	1.994,98
14	216276/301	DOWN VIGO ASOC PARA EL SINDROME DE DOWN	"MOVE O TEU CORPO CON XEITO" OBRADOIRO DE PSICOMOTRICIDADE	26	1.994,98

7	215672/301	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	PROGRAMA DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL DO DOENTE LARINGECTOMIZADO	25	1.753,80
20	216572/301	FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA	FISIOTERAPIA PARA A MELLORA DA PSICOMOTRIDADE. PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2021	25	1.650,00
23	216643/301	ASOC GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA	"DESAFIANDO REALIDADES"	24	1.841,52
4	215488/301	FUNDACIÓN AMEDIS	PROGRAMA TIC 2021	23	1.764,79
6	215606/301	ASOC VIGUESA DE ALCOHOLOGIA ASVIDAL	PROGRAMA DE CARACTER SOCIEDUCATIVO PARA CAPACITACION SOCIOLABORAL	23	1.764,79
11	216112/301	BICOS DE PAPEL ASOC AXUDA NENOS ONCOLOXICOS HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO	PROXECTO DE MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DOS NENOS/AS CON DIAGNOSTICO DE PATOLOXIAS ONCOHEMATOLOXICAS E AS SUAS UNIDADES FAMILIARES	23	1.764,79
8	215988/301	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	"VIVE DEPORTIVAMENTE" ANO 2021, CONTINUIDADE E CONSOLIDACIÓN	22	1.688,06
25	216724/301	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALIC	PROXECTO DE PREVENCIÓN DO DETERIORO COGNITIVO E DA SOIDADE NON DESEXADA: "CULTIVA A MENTE EN REDE"	22	1.688,06
29	216738/301	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	Programa Integral de Información e Atención Sociofamiliar a Coidadores, Familiares e Persoas con Enfermidade Mental	22	1.688,06
30	216739/301	ASOCIACION DIGNIDAD GALICIA	HABILIDADES PARA A INSERCIÓN	22	1.688,06
5	215552/301	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	PROGRAMA DE OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICION DE HABITOS FISICO-PSIQUICO SAUDABLES	21	1.611,33



Concello de Vigo

32	216741/301	ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO	PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, PARTICIPACIÓN E CONVIVENCIA PARA A MELLORA DA CALIDADE DA ACTUACIÓN PARENTAL E A VIDA FAMILIAR: PROGRAMA AXENDA FAMILIA 2021	21	1.542,00
46	216904/301	ASOC CULTURAL GALLEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	SMART VIGO SENIORS II	21	1.611,33
18	216529/301	ASOC GALLEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS	Servicio de apoio e asesoramento ás familias con fillos e fillas en risco de exclusión	20	1.534,60
24	216719/301	ASOCIACION DOA SAUDE MENTAL	O TAI CHI NA REHABILITACIÓN PSICOMOTRIZ EN PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL 2021	20	1.534,60
35	216777/301	ASOCIACION VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	"EM casa Fisioterapia"	20	1.534,60
43	216901/301	APAMP ASOCIACION DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	SEDIF-SERVICIO DE INFORMACIÓN E FORMACIÓN A PERSOAS CON P.C. E FAMILIAS	20	1.534,60
2	215398/301	ASOC PARKINSON DE VIGO	PARKINSON CANTA	19	1.457,87
16	216372/301	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	VIVIR EN ACTIVO	19	1.457,87
34	216776/301	ASOCIACION ASPANAEX	PROMOVER OBRADOIROS ALTERNATIVOS QUE MELLOREN OS EFECTOS CO COVID DEIXOU NAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL	19	1.457,87
42	216899/301	ASOCIACIÓN DA TERCEIRA IDADE "NEVOX"	NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DIXITALMENTE	19	1.457,87
37	216842/301	ASOC GALLEGA DE HEMOFILIA	ESCOLAS DE APRENDIZAXE PARA FAMILIAS DE NENOS CON HEMOFILIA DO CONCELLO DE VIGO	18	1.381,14
9	216035/301	FUNDACION ERGUETE-INTEGRACION	PROXECTO VERBAS	17	1.304,41
15	216279/301	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	PICO E CUDAS EN BEADE 2021	17	1.304,41
19	216530/301	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	TALLER TEATRO PARA MAIORES	17	1.304,41

31	216740/301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA	Polo mesmo camiño: Programa de apoio psicosocial para persoas diagnosticadas de cancro de mama e xinecolóxico e os seus familiares no Concello de Vigo	17	1.304,41
39	216869/301	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A UNIÓN DE MATAMÁ	TRABALLANDO COS NOSOS MAIORES NA NOVA REALIDADE	15	900,00

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvención ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 05.03.2021

NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACIÓN OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA AYUVI	FAMILIA. EQUIPO GAÑADOR	13	BASE 3.4
FUNDACION INGADA	APOIO A INFANCIA	3	BASE 3.4
ASDIM-CC ASDIM-CC	PROGRAMA DE ACTUACIONES ENCAMINADAS A RESOLVER LOS CONFLICTOS INTRAFAMILIARES Y MINIMIZAR SU IMPACTO EN LOS MENORES	0	BASE 3.3/ BASE 3.8
ASOCIACIÓN PARA LA PROMOCION DE LA SALUD AMAINA	GRUPO DE AUTOAPOIO PARA FAMILIARES DE PERSOAS CON PROBLEMAS DE ADICCIÓN	0	BASE 3.3/ BASE 3.8
CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	MERCANTILANDIA 2021-22	0	BASE 3.2
"ANEDIA" ASOCIACIÓN DE NENOS Y NENAS CON DIABETE DE GALICIA	SOMOS TIPO 1 VIGO	3	BASE 3.4
ASOCIACIÓN DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	+ CIENCIA EN FAMILIA	0	BASE 3.2

TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(573).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSAL". EXPTE. 788/441.

Visto o informe de fiscalización de data 05/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 01/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Rosal" (788-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Rosal" (788-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSAL", redactado polo Enxeñeiro Civil Roberto Aya Vidal.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 17.03.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS OITENTA E CINCO MIL OITOCENTOS DEZASEIS EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS (385.816,68 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 66.959,92 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190084 "Humanización Rúa Rosal", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	385.816,68 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 21 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Rosal" (788-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	92,71
2	UTE EXCAV. Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO S.A. - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	91,08
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	88,63
4	MONTAJES J.M.IGLESIAS, S.L.	88,32
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION Y EDIFICACION Y VIALES, S.L.	85,73
6	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	84,90
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	82,97

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 22 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 24 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



Concello de Vigo

dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 8 e 16 de xuño de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Rosal” (788-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 308.190,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 53.487,58 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(574).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SUBRIDE". EXPTE. 709/441.

Visto o informe de fiscalización de data 05/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 01/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na rúa Subride" (709-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na rúa Subride" (709-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SUBRIDE", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E TRES MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (153.502,50 €) e data agosto de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.



Concello de Vigo

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO CINCUENTA E TRES MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (153.502,50 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 26.640,93 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.76 ("Human. Rúa Subride").

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 17 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Subride" (709-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	AVAN INTEGRAL S.L.	87,65
2	ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO S.L.	86,12
3	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	85,29
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	85,07

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL S.L. (B-36.922.144), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL S.L., o día 18 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 29 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AVAN INTEGRAL S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AVAN INTEGRAL S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 11 e 14 de xuño de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AVAN INTEGRAL S.L. (B-36.922.144) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Subride" (709-441) por un prezo total de 131.981,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.905,87 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(575).- PROPOSTA ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DOPROXECTO DE "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN NA RÚA ALTA, N.º 23". EXPTE. 803/441.

Visto o informe de fiscalización de data 05/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 01/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN NA RÚA ALTA, Nº23" redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luís Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de 693.360,006 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 12/03/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS NOVENTA E TRES MIL TRESCENTOS

S.ord. 08/07/2021

SESENTA EUROS (693.360,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 120.335,21 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 2310.632.00.11 (DUSI, OT9, LA19, 80% INVESTIMENTO MELLORA INFRAESTRUT.), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	648.000,00 €
2022	45.360,00 €
TOTAL	693.360,00 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 21 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	ORECO, S.A.U.	98,05
2	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	81,11
3	CONSTRUCCIONES OREGA	81,09

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A.U. (A-36.614.691), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A.U., o día 22 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 29 de xuño, dentro do prazo concedido.



Concello de Vigo

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 7 e 16 de xuño de 2021 respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., adoptada pola concelleira delegada de Contratación de data 21 de xuño de 2021, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.*
2. *Adxudicar a ORECO, S.A.U. (A-36.614.691) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-441) por un prezo total de 635.395,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 110.275,18 euros.*

S.ord. 08/07/2021

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(576).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO MANTENIMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DAS SUPERESTRUTURAS DOS VEHÍCULOS DE SALVAMENTO EN ALTURA (LOTES 1 E 3). EXPTE. 6358/213.

Visto o informe de fiscalización de data 05/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 01/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestruturas dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) (lotes 1 e 3)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestruturas dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) (lotes 1 e 3)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o servizo de mantemento preventivo e correctivo das superestruturas de salvamento en altura



Concello de Vigo

para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 17 de marzo de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 26 de marzo de 2021.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 408.887,13 euros, do que 70.963,88€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602140000 "Mantemento camión autoescaleira" do presuposto municipal de acordo cá seguinte distribución por anualidades con IVE.

Ano 2021: 90.357,39€.

Ano 2022: 75.700,61€.

Ano 2023: 76.028,48€.

Ano 2024: 75.156,38€.

Ano 2025: 91.644,27€.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 17 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 3 deste procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestruturas dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

	Licitador	Puntuación total
1	ITURRI, S.A.	100 puntos

- Lote 3

	Licitador	Puntuación total
1	ITURRI, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 1 e 3, ITURRI, S.A. (A-41.050.113), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que en relación coa solvencia técnica, ademais da solvencia esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP, deberán presentar a documentación esixida no apartado 5C do Anexo I -FEC- (“Certificado acreditativo que permita comprobar que o propio licitador dispón dun Sistema de Calidade e Medio Ambiente oficialmente recoñecido polo menos para o deseño, fabricación e o servizo de mantemento de vehículos contra incendios. ISO 9001 E 14001 ou equivalente”).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., o día 18 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 25 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ITURRI, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ITURRI, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 11 de xuño de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ITURRI, S.A. (A-41.050.113) o procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestruturas dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) (lotes 1 e 3) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote 1 é de 175.632,71 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.481,71 euros.*
- b) O prezo total do lote 3 é de 84.531,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.670,81 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(577).- PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20681/333.

Visto o informe xurídico do 01/07/2021 e o informe de fiscalización do 05/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 29/06/2021, asinado polo xefe do servizo de Deportes, polo concelleiro de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

- a) A Xunta de Goberno Local, con data 11 de abril de 2019, acordou aprobar o expediente de Contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria da **“CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. 18183/333”** para un período de dous anos, e tres prórrogas dun ano cada unha delas (trámite núm. 110).
- b) Con data 6 de xuño de 2019, a Xunta de Goberno Local, declara desertos os lotes núm. 1 (materiais para fontanería e saneamento) e núm. 2 (materiais para construción), debido a que no caso do lote número 1, a proposta presentada pola mercantil COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, SL, avaliable a través de fórmula apártase

substancialmente do modelo establecido (motivo de exclusión segundo o previsto na cláusula 14.2C) do PCAP), e no caso do lote número 2, non se presentou ningunha proposición (trámite núm. 187).

c) Coa mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, acorda aprobar a CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DOS LOTES 3 (material de ferretería), 4 (material para instalacións eléctricas) e 5 (material pintado) PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR EN INSTALACIÓN DEPORTIVAS (trámite núm. 192).

d) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26 de xullo de 2019, adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo:

1. “Adxudicar a FERRETERÍA VALFER, S.L. o lote 3 (materiais de ferretería) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 85.217,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.789,86 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
2. Adxudicar a MARESA ELECTRICIDAD, S.L. o lote 4 (material para instalacións eléctricas) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 88.680,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.390,75 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
3. Adxudicar a MORGASA, S.L. o lote 5 (material pintado) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 31.355,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.441,79 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

e) Os respectivos contratos formalizase o 28.08.2019 (lote núm. 3 “material de ferretería” coa mercantil VALFER, SL), o 30.08.2019 (lote núm. 5 “material pintado” coa mercantil MORGASA, SL) e o 02.09.2019 (lote núm. 4 “material para instalacións eléctricas” coa mercantil MARESA ELECTRICIDAD, SLU). (trámites números 359, 368 e 371) e as empresas constitúen as preceptivas garantías definitivas (trámites 249, 254 e 260). As prazo de execución dos contratos, comezou ao día seguinte da súa sinatura.

f) Con data 04.09.2019, o xefe do Servizo de Deportes, realiza INFORME PROPOSTA, dirixido á Intervención Xeral, PARA O AXUSTE DE ANUALIDADES DO EXPTE NÚM. 18183-333 “CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO” (trámite núm. 382), no que ficaban recollidos os prezos totais do contrato para os dous anos de vixencia:



- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, adxudicado á empresa Valfer, SL, por un prezo total de 85.217,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.789,86 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, adxudicado á empresa MARESA ELECTRICIDAD, SL, por un prezo total de 88.680,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.390,75 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, adxudicado á empresa MORGASA, SL, por un prezo total de 31.355,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.441,79 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

g) Con data 2.06.2021, notificáronse ás empresas adxudicatarias de cadanseu lote (VALFER, SL, MARESA ELECTRICIDAD, SLU E MORGASA, SL), os preavisos de prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámites 485, 486 e 487). Consta acuse de recibo da recepción das notificacións enviadas dende este Servizo de Depores (trámites 495, 496 e 497).

2.- Fundamentos de dereito:

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso de produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

Ningunha das empresas adxudicatarias dos distintos lotes, presentou documento de oposición a prórroga.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

As empresas que desenvolven os lotes do contrato de subministro (VALFER, SL, MARESA ELECTRICIDAD, SL e MORGASA, SL), no transcurso do período contractual veñen desenvolvendo os subministros de acordo cos criterios marcados no prego de prescricións técnicas, de xeito satisfactorio en canto a materiais a subministrar, condicións de entrega do material, prazos de entrega, prezos dos materiais, prazos de garantía e calidade dos materiais subministrados.

4.- Prezo total do contrato dous anos

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, adxudicado á empresa Valfer, SL, por un prezo total de 85.217,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.789,86 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, adxudicado á empresa MARESA ELECTRICIDAD, SL, por un prezo total de 88.680,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.390,75 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, adxudicado á empresa MORGASA, SL, por un prezo total de 31.355,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.441,79 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

5.- Prezo para o período da prórroga.

En atención a que a primeira prórroga é por 1 ano e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo para cada un dos lotes no período da prórroga, quedaría deste xeito:

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, (VALFER, SL polo período dun ano comprendido entre os días 29 de agosto do 2021 e 28 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 42.608,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.394,93 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.

- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, (MARESA ELECTRICIDAD, SL, para o período dun ano comprendido entre os días 3 de setembro do 2021 e 2 de setembro de 2022, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 44.340,05 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.695,38 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.

- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, (MORGASA, SL, polo período dun ano comprendido entre o día 31 de agosto do 2021 e 30 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 15.677,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.720,90 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.



6.- Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo as seguinte aplicación orzamentaria do orzamento de gastos en vigor da Concellaría de Deportes:

3420-2120000 "EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS".

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de subministros en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, solicítase á Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta de primeira prórroga do contrato "**SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO**", previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral, polo que se propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a 1ª prórroga dun ano do "**CONTRATO DESUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO-LOTES 3, 4 E 5**", para os períodos, importes e partida orzamentaria, que se indican deseguido:

- Lote número 3 "MATERIAIS DE FERRETERÍA", (VALFER, SL, polo período dun ano comprendido entre os días 29 de agosto do 2021 e 28 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 42.608,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.394,93 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT. Aplicación do gasto: partida 3420.2120000 "Edificios e outras construcións", coa seguinte distribución de importes por anualidades:

- Ano 2021 (29.08.2021 a 31.12.2021): 14.439,69 €

- Ano 2022 (01.01.2022 a 28.08.2022): 28.169,21 €

- Lote número 4 "MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS", (MARESA ELECTRICIDAD, SL, para o período dun ano comprendido entre os días 3 de setembro do 2021 e 2 de setembro de 2022, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 44.340,05 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.695,38 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT. Aplicación do gasto: partida 3420.2120000 "Edificios e outras construcións", coa seguinte distribución de importes por anualidades:

- Ano 2021 (03.09.2021 a 31.12.2021): 14.533,68 €

- Ano 2022 (01.01.2022 a 02.09.2022): 29.806,37 €

- Lote número 5 "MATERIAL PINTADO", (MORGASA, SL, polo período dun ano comprendido entre o día 31 de agosto do 2021 e 30 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 15.677,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.720,90 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT. Aplicación do gasto: partida 3420.2120000 "Edificios e outras construcións", coa seguinte distribución de importes por anualidades:

- Ano 2021 (31.08.2021 a 31.12.2021): 5.269,40 €

- Ano 2022 (01.01.2022 a 30.08.2022): 10.408,15 €

Segundo: notificar este acordo da 1ª prorroga ás empresas VALFER, SL, MARESA ELECTRICIDAD, SL e MORGASA, SL, adxudicatarias dos lotes 3, 4 e 5 do “CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO”, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(578).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ENTIDADE ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "RALLYE RÍAS BAIXAS". EXPTE. 20415/333.

Visto o informe xurídico do 25/06/2021 e o informe de fiscalización do 05/07/2021, dáse conta do informe proposta do 01/06/2021, asinado polo xefe do servizo de Deportes, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 20415/333 sobre a proposta de subvención a favor da entidade Escudería Rías Baixas en base a organización do evento deportivo “Rally Rías Baixas 2021”, e tendo en conta o informe proposta do 31 de marzo de 2021, a aceptación do borrador do convenio deo 6 de abril de 2021, e o informe de intervención do 14 de abril de 2021, procede informar, sobre a data de realización do evento deportivo, o que a continuación se detallan:

- *Con data 31/05/2021 informa a entidade Escudería Rías Baixas que a nova data de realización do evento deportivo será o 23-24 e 25 de Xullo de 2021. Polo anterior, estímase procedente a modificación do informe proposta ca nova data de realización do evento deportivo, a aceptación do novo borrador do convenio e modificación do informe xurídico, considerando como se comproba na documentación presentada pola entidade non existe ningunha outra variación, nin económica, nin organizativa, nin de outro tipo, do evento deportivo.*

Por todo o exposto, procedeuse á modificación na data de realización do evento deportivo do 28-29 e 30 de maio de 2021, a nova data do 23-24 e 25 de Xullo de 2021, polo que a mesma queda reformulada como segue:



Concello de Vigo

INFORME PROPOSTA

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 30.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.480.00.05 a favor da entidade Escudería Rías Baixas pola organización do evento deportivo do “Rallye Rias Baixas 2021”.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que organizan eventos deportivos, atopamos que a Escudería Rías Baixas organiza o “Rallye Rias Baixas 2021”. Este evento supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués

O evento, organizado pola entidade Escudería Rías Baixas terá lugar os días 23-24 e 25 de Xullo de 2021, entidade que posúe os dereitos da competición, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Fernando Mouriño Sio, Presidente da entidade organizadora e posuidor dos dereitos do evento na cidade de Vigo manifesta que a súa entidade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación do devandito evento na cidade de Vigo. (Achéganado a documentación acreditativa no expediente).

A entidade será a responsable única da organización xeral do evento, e asumirá todos os gastos e responsabilidades en todos os ámbitos derivados da mesma.

O Gasto total que supón a organización do evento, segundo o orzamento de ingresos/gastos presentado pola entidade xunto coa solicitude de subvención, ascende a un total de 149.823,00 €, e inclúe un ingreso previsto do Concello de Vigo por importe de 30.000,00 € en concepto de subvención nominativa.

A organización de este evento deportivo na cidade de Vigo supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a consolidación de vigo como “Cidade do deporte”.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- 1.Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- 2.Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- 3.O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- 4.Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

S.ord. 08/07/2021

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Escudería Rías Baixas para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas*



Concello de Vigo

públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.48.00.05, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola organización do evento deportivo “Rallye Rias Baixas 2021”, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2021.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte a realización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación da concesión directa dunha subvención a entidade Escudería Rías Baixas para a realización do Evento deportivo “Rallye Rias Baixas 2021” e aprobación do texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00 €. a favor da entidade Escudería Rías Baixas co CIF: G36645398 e enderezo social na Travesía Cordoeira nº17, 36208, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20415-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.480.00.05 do vixente orzamento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE ESCUDERÍA RIAS BAIXAS, EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “ RALLYE RIAS BAIXAS 2021” (EXPTE. 20415/333).

En Vigo na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

S.ord. 08/07/2021

Doutra, D. Fernando Mouriño Sío como presidente da entidade Escudería Rías Baixas CIF: G36645398 e enderezo social na Travesía Cordoeira nº17, 36208, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20415/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto deste convenio é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo "Rallye Rias Baixas 2021"organizado pola Escudería Rías Baixas, que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do Evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

Esta entidade, plantexa un importante proxecto deportivo do cal ten todos os dereitos, que converterá á cidade de Vigo no centro de atención internacional da modalidade deportiva de automovilismo, na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Escudería Rías Baixas organizará durante os días 23-24 e 25 de Xullo de 2021, a entidade organiza o "Rallye Rias Baixas 2021", que outorga un valor moi importante para a promoción deportiva e turística tanto na propia cidade de Vigo como a nivel internacional, e que confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O evento deportivo na súa edición número 54 reunirá a mais de 150 medios de prensa nacionais, unha organización de 100 persoas e 600 voluntarios, cronometradores, responsables de ruta, peches de tramos, máis de 80 camions taller de todos os participantes de España, Francia e Portugal que poderán participar no evento, coa colaboración de protección civil, grada civil ou servicios sanitarios, para un evento totalmente gratuito o aire libre, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- ▯ Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.*



Concello de Vigo

- ▣ *Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- ▣ *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- ▣ *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.*
- ▣ *Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”*

IV.- *Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.480.00.05 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00 €, a favor da entidade Escudería Rías Baixas.*

V.- *Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade Escudería Rías Baixas no evento deportivo “Rallye Rías Baixas 2021”.*

VI.- *Que a entidade Escudería Rías Baixas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 20415/333.*

VII.- *Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

PACTOS

Primeiro.- *A entidade Escudería Rías Baixas comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

1º.- Organizar o “Rallye Rías Baixas 2021”, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

3º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- *Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.*

7º.-*Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.*

8º.- *Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.*

9º.- *Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:*

- *Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.*
- *Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.*
- *Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.*

10º.- *Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...*

11º.-*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

12º.-*Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

13º.- *Atender as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

3º.- *Conceder directamente á entidade Escudería Rías Baixas unha subvención por importe de 30.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.05 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca súa organización do evento deportivo “Rallye Rías Baixas 2021”. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro.*

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*



Concello de Vigo

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.*

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

Sétimo.- *A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo "Rallye Rias Baixas 2021".

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 31 de decembro de 2021, co obxecto de proceder á tramitación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución.

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio en Vigo, na data da sinatura dixital.

O Concelleiro de Deportes
Asdo.: D. José Manuel Fernández Pérez

O Presidente da Escudería Rías Baixas
Asdo. Fernando Mouriño Sío



Concello de Vigo

9(579).- SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS E INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE.15857/444.

Visto o informe xurídico do 02/07/2021 e o informe de fiscalización do 05/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 02/07/2021, asinado pola xefe de Electromecánicos e Aforro Enerxético, polo xefe da área de Inversións Servizos Xerais, polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais, polo concelleiro-delegado da área de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado da área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, aprobou na sesión ordinaria do 20 de novembro de 2015, o expediente do **CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO** (EXPEDIENTE 15857/444), o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de prescricións administrativas particulares.

O obxecto do contrato é o mantemento integral dos equipos e instalacións electromecánicas de alumeado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, instalacións de enerxías eólicas, solares fotovoltaicas e algunhas fontes ornamentais existentes na cidade, co obxecto de lograr o correcto funcionamento das mesmas, melloralas e adaptalas a regulamentación vixente.

O contrato, de natureza administrativa, se calificou como un contrato mixto de servizos e subministro dos regulados no artigo 12 do TRLCSP, comprendendo prestacións propias do contrato típico de servizos (artigo 10 TRLCSP) e do contrato de subministro (artigo 9 TRLCSP), sendo a prestación que máis importancia ten dende o punto de vista económico a de servizos (88,87% do prezo do contrato), polo que na súa adxudicación se rexe polas normas do contrato de servizos por ser as prestacións de maior importancia desde o punto de vista económico.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 22 de abril de 2016, acordou a adxudicación á UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, do procedemento aberto para a contratación do mantemento das instalacións de alumeado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo, expdte.15857/444, por un prezo total de adxudicación de 9.119.168,03 euros (IVE incluído) e catro anos.

3.- Con data 26 de xullo de 2016 o Concello de Vigo formalizou o contrato coa UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, polo cal o prazo deste contrato finaliza o vindeiro 26 de xullo do ano 2020.

4.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 7 de setembro de 2017, aprobou "a modificación do contrato para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de alumeado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables, consistente en substituír ao responsable do contrato, xefe dos Servizos Enerxéticos polo xefe da Área de Investimentos.

S.ord. 08/07/2021

Con posterioridade, en data 2 de outubro de 2017 foi formalizado contrato modificando o apartado 1.C do Anexo I das FEC e procedéndose á modificación do responsable do contrato e notificándose ao contratista.

5.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 17 de xullo de 2020, aprobou “a prórroga dun ano de duración do CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN, (EXPEDIENTE 15857/444), formalizado coa entidade mercantil UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU. (UTE Luze Vigo, con CIF ESU27832096), polo período dun ano, comprendido dende o 27 de xullo de 2020 ata o 26 de xullo de 2021”.

O prezo do contrato para o período de prórroga e de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E CATRO MIL TRESCENTOS SESENTA E UN EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.334.361,35 EUROS) IVE engadido.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

1.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola normativa anterior en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

2.- O artigo 23 do RD lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e a concorrencia para a súa adxudicación realizarase tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos o período de prórroga. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse o consentimento tácito das partes.

3.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 20 de novembro de 2015, establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de catro anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas cunha duración dun ano cada unha.

4.- En relación ao obxecto deste contrato e importante indicar que o Concello de Vigo se atopa nun proceso de análise técnico sobre aspectos que afectan transversalmente a prestacións vinculadas no actual contrato. Así entre outras actuacións, dende o servizo enerxético estase a estudar as distintas alternativas en relación ao subministro da enerxía eléctrica, aspecto moi relacionado coas novas tecnoloxías para o alumeado viario. Así mesmo na actualidade estamos analizando as diversas propostas presentadas polo Estado no “Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia” que recolle importantes proxectos



Concello de Vigo

destinados a transición enerxética, cunha aplicación directa as necesidades do Concello de Vigo para a renovación, modernización e mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de consumo de enerxía eléctrica, e de forma específica en relación a propia rede municipal de alumado público.

No marco destas actuacións o Concello de Vigo ten en fase de licitación unha importante actuación para a eficiencia enerxética do alumado viario a través dunha inversión de mais de 2,5 millóns de euros, a executar nos vindeiros meses e que terá unha incidencia importante nos condicionantes de execución futura en relación ao mantemento dos sistemas de mantemento das instalacións eléctricas.

Os prazos vinculados ao desenvolvemento destas actuacións, así como a próxima publicación das convocatorias de axudas vinculadas o “Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia” no marco das directivas sobre a transición enerxética, veñen a establecer unha coincidencia directa coa xestión do actual contrato de mantemento das instalacións de alumado público, e consecuentemente se conforman como a principal xustificación da necesidade de prorrogar o actual contrato, co obxecto de esperar a que nun prazo de tres meses podase coñecer cun maior grado de certeza as opcións de adecuar a futura prestación os indicadores definidos no marco das estratexias nacionais para a transición enerxética, e consecuentemente poder orientar a futura proposta de licitación do Concello de Vigo no marco das posibilidades de cofinanciación que desenvolve o propio “Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia”.

5.- A vista destes antecedentes, considérase conveniente propor a prórroga do actual contrato polo prazo dun ano, e deste modo, poder dar continuidade os estudos indicados , e valorar os condicionantes e vantaxes que terá para o Concello de Vigo en relación a unha mellora da xestión do alumado público.

Non é obxecto de avaliación, xa que non se reciben solicitudes de entidades inscritas no epígrafe 5.1 do Rexistro Municipal de Asociacións, polo que, o seu crédito orzamentario se distribúe proporcionalmente entre as entidades beneficiarias do Programas II que non superan os límites cuantitativos das axudas, tal como e se describe no Anexo II a esta acta.

PROGRAMA IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
G36732295	18096/77	ASOCIACIÓN COMERCIANTES MERCADO DE TEIS	8.126,34 €	8.126,34 €	100,00%
G02948974	18097/77	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO CENTRO	18.295,37 €	18.295,37 €	100,00%
G36664217	18098/77	ASOCIACIÓN COMERCIANTES DE TEIS	13.899,15 €	13.899,15 €	100,00%
G27807205	18102/77	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO	29.575,04 €	29.575,04 €	100,00%
G36847861	18107/77	ASOC. EMPR. IND. Y COMERC. ZONA TRAVIESAS (AETRAVI)	7.133,27 €	7.133,27 €	100,00%
G27826999	18122/77	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	4.480,13 €	4.480,13 €	100,00%
G94017829	18123/77	ASOC. CLUSTER GALLEGA GEOTERMIA ACLUGEGA	10.728,60 €	10.728,60 €	100,00%
G36627719	18128/77	ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE TRANSPORTES DISCRECIONALES DE MERCANCÍAS	19.713,18 €	19.713,18 €	100,00%
G36614725	18132/77	ASOC. AUTÓNOMA PROVINCIAL DE EMPRESARIOS	9.187,33 €	9.187,33 €	100,00%
G36640845	18153/77	ASOC. DE EMPRESARIOS DE ELECTRICIDAD Y TELECOMUNICACIONES DE PONTEVEDRA	6.494,28 €	6.494,28 €	100,00%
G36801876	18160/77	ASOC. DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD	9.605,67 €	9.605,67 €	100,00%
G36661536	18170/77	ASOC. DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	7.429,90 €	7.429,90 €	100,00%
G27767656	18171/77	ASOC. DE COMERCIANTES DEL PAU DE NAVIA	5.330,59 €	5.330,59 €	100,00%

S.ord. 08/07/2021

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
G36712701	18179/77	ASOC. EMPRESARIOS MERCADO DO BERBÉS	5.793,84 €	5.793,84 €	100,00%
G36712701	18180/77	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL MERCADO DE LAS TRAVIESAS	5.504,72 €	5.504,72 €	100,00%

PROGRAMA V (COMUNIDADES DE MONTES)

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
V36840726	18116/77	MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO	145.000,00 €	145.000,00 €	100,00%

PROGRAMA VI (ENTIDADES DEPORTIVAS)

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
G36869873	18130/77	CLUB DE ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO	13.048,61 €	13.048,61 €	100,00%
G36810075	18131/77	UNIÓN BALONMÁN LAVADORES	11.421,76 €	11.421,76 €	100,00%
G36763084	18135/77	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	11.886,22 €	11.886,22 €	100,00%
G36649283	18154/77	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	5.618,27 €	5.618,27 €	100,00%
G36904530	18167/77	CLUB DEPORTIVO DO C.S.C.R. DE BEADE	4.547,10 €	4.547,10 €	100,00%
G36737724	18172/77	BALAÍDOS C.F.	12.305,76 €	12.305,76 €	100,00%
G36874832	18178/77	CLUB RÁPIDO DE PEREIRO F.C.	5.954,92 €	5.954,92 €	100,00%
G36657450	18185/77	AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	15.197,18 €	15.197,18 €	100,00%
G36753911	18190/77	CLUB DEPORTIVO COIA	22.634,21 €	22.634,21 €	100,00%
G36713493	18195/77	CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	1.843,82 €	1.843,82 €	100,00%
G36796258	18200/77	CLUBE CICLISTA VALLADARES	19.548,62 €	19.548,62 €	100,00%

6. Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, conforme ao establecido na Base 12.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración fai constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Achéganse á presente acta, os documentos que se relacionan deseguido:

ANEXO I:

Se detallan as puntuacións obtidas polas entidades admitidas no procedemento, derivadas da aplicación dos criterios de valoración dos Proxectos establecidos na Base 10^a da convocatoria

ANEXO II:

Se detalla o reparto das axudas en función da puntuación acadada na fase de avaliación, e a distribución do crédito non liberado nalgún dos programas, conforme ao disposto na Base 12^a.14 da convocatoria

...”



Concello de Vigo

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DE FOMENTO DO EMPREGO NAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, ANO 2021

Conforme a Base 12.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración, unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, remitirá acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento.

ÓRGANO COMPETENTE

A Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" dispón que, os Concelleiros/as Delegados/as de cada Área ostentarán, entre outras, a atribucións de impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada.

Por outra banda, o art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local "o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal".

En relación co anterior, e segundo ao disposto no apartado 1.3º da Resolución de Delegación de competencias da Alcaldía, á Xunta de Goberno Local, lle corresponden, entre outras atribucións, a aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados.

Á vista do exposto anteriormente e, de conformidade coa base reguladora 12 apartado 6º da presente convocatoria, se formula a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: DESESTIMAR, conforme ao art. 21.4 da LSG, ás (2) dúas solicitudes de subvención que se relacionan, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en particular, polas causas indicadas:

Nº EXPTE.	CIF	INTERESADO/A	MOTIVO DESESTIMACIÓN	FUNDAMENTO XURÍDICO
18186/77	G36614774	ASOC. INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA (ASIME)	TER CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA NOMINATIVA PARA FORMALIZACIÓN DE CONVENIO DE FOMENTO DO EMPREGO	BASE 2.9 e 11.2
18189/77	****8116S	ENCARNACIÓN FERNÁNDEZ (ASOC. TRANSTORNO ESPECTRO ARTISTA DE VIGO "TEAVI")	NON SUBSANAR A DOCUMENTACIÓN CONFORME AO REQUIRIMENTO FORMULADO (saída 22889-2021-1, recibida o 10/05/21)	BASE 2.8, 9 e 11.2

S.ord. 08/07/2021

Nº EXPTE.	CIF	INTERESADO/A	MOTIVO DESESTIMACIÓN	FUNDAMENTO XURÍDICO
18201/77	G27873975	ASOC. DE PROFESIONALES AMATEURS DEL STREETDANCE DE GALICIA AOSGA	NON ACREDITAR ESTAR AO CORRENTE DE OBRIGAS TRIBUTARIAS	BASE 2.6, e 11.2

SEGUNDO: ACEPTAR o desistimento das solicitudes de subvención, e declarar concluídos os procedementos correspondentes iniciados que se relacionan de seguido, a teor do disposto nos artigos 84 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común:

Nº EXPTE.	NIF	INTERESADO/A	N.º Documento	Data Rexistro
18119/77	76369****	JACINTO J. FERNÁNDEZ	210056466	8/04/2021

TERCEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario, por importe de 880.816,72 € (oitocentos oitenta mil oitocentos dezaseis euros con setenta e dous céntimos):

a) Programa I “Entidades veciñais e culturais”

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
G36649325	18109/77	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	8.451,70 €	8.451,70 €	100,00%
G36842284	18110/77	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	5.716,91 €	5.716,91 €	100,00%
G36648988	18112/77	A.VV. SAN XURXO SAIÁNS	8.743,71 €	8.743,71 €	100,00%
G36729796	18113/77	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA FEIRA DE CABRAL	2.216,76 €	2.216,76 €	100,00%
G36620854	18124/77	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA	18.324,65 €	18.324,65 €	100,00%
G36654036	18126/77	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION	4.127,74 €	4.127,74 €	100,00%
G36645885	18127/77	ASOCIACIÓN VECIÑAL CASCO VELLO	4.430,94 €	4.430,94 €	100,00%
G36972024	18133/77	ASOC. COLECTIVO VECIÑAL CURVA SAN GREGORIO	2.229,41 €	2.229,41 €	100,00%
G27771195	18142/77	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE NOVO VIGO	3.394,27 €	3.394,27 €	100,00%
G36614097	18158/77	CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	24.043,50 €	24.043,50 €	100,00%
G36704666	18162/77	FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	4.480,13 €	4.480,13 €	100,00%
G36632081	18168/77	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	5.036,10 €	5.036,10 €	100,00%
G36651073	18187/77	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	6.960,01 €	6.960,01 €	100,00%
G36617082	18194/77	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	13.239,62 €	13.239,62 €	100,00%



b) Programas II "Entidades sociais e asistenciais"

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
G27862341	18099/77	ASOC. SOCIO CULT. RECR.DEP.TURÍST. TECNOLX. DE GALICIA (ASOCGA)	11.074,03 €	11.074,03 €	100,00%
G27802818	18103/77	ASOC. PARA LA PROMOCIÓN DE LA SALUD AMAINA	4.330,98 €	4.330,98 €	100,00%
G32115941	18105/77	CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	6.392,24 €	6.392,24 €	100,00%
G80468416	18106/77	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	7.296,03 €	7.296,03 €	100,00%
G36884864	18108/77	ASOC. CULTURAL XARABAL	5.452,58 €	5.452,58 €	100,00%
G36685964	18115/77	FUNDACIÓN MENELA	14.999,94 €	14.999,94 €	100,00%
G82453606	18117/77	FUNDACIÓN ALDABA	19.181,78 €	19.181,78 €	100,00%
G36817385	18118/77	ESCOLA DE TEMPO LIBRE XARUMA	12.544,99 €	12.544,99 €	100,00%
R3600336F	18120/77	HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL	9.120,24 €	9.120,24 €	100,00%
G27746486	18121/77	ASOCIACIÓN XARUMA	11.874,61 €	11.874,61 €	100,00%
G36861078	18125/77	FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	7.775,07 €	7.775,07 €	100,00%
G36892271	18137/77	ASOC. CULTURAL INTERFOLC	4.872,00 €	4.872,00 €	100,00%
G36620037	18144/77	FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA	5.770,15 €	5.770,15 €	100,00%
G27877703	18145/77	ASOC. CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	10.595,92 €	10.595,92 €	100,00%
G36873511	18147/77	ALENTO-ASOCIACION DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	23.563,09 €	23.563,09 €	100,00%
G27867076	18148/77	ASOC. THE WILD	7.945,75 €	7.945,75 €	100,00%
G67116756	18149/77	FUNDACIÓN SANTA CRUZ	4.742,55 €	4.742,55 €	100,00%
G36697324	18150/77	DOWN VIGO ASOC. PARA EL SÍNDROME DE DOWN	15.468,48 €	15.468,48 €	100,00%
G36622835	18151/77	ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO	2.897,40 €	2.897,40 €	100,00%
G24452435	18157/77	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	3.652,27 €	3.652,27 €	100,00%
G27745397	18163/77	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	8.279,65 €	8.279,65 €	100,00%
G36688422	18164/77	ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO	4.499,11 €	4.499,11 €	100,00%
G15849318	18166/77	FUNDACIÓN CIP	14.256,54 €	14.256,54 €	100,00%
G27727593	18169/77	ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	6.074,09 €	6.074,09 €	100,00%
G36044295	18173/77	ASOCIACIÓN DOA SAUDE MENTAL	11.385,71 €	11.385,71 €	100,00%
G27873967	18181/77	ASOCIACIÓN DE PROFESIONALES Y AMATEURS DEL RUNNING DE GALICIA	5.978,85 €	5.978,85 €	100,00%
G36624120	18184/77	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	13.962,78 €	13.962,78 €	100,00%
G94084456	18188/77	ASOC. CULTURAL GALICIA FIDDLE	10.603,00 €	10.603,00 €	100,00%
G36835403	18191/77	ASOC. DE BULIMICOS Y ANOREXICOS DE PONTEVEDRA	14.507,83 €	14.507,83 €	100,00%
G36639110	18192/77	ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES	11.006,82 €	11.006,82 €	100,00%
G20486825	18193/77	EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL	15.020,69 €	15.020,69 €	100,00%
G15500853	18196/77	ASOCIACIÓN DIGNIDAD GALICIA	5.653,79 €	5.653,79 €	100,00%
G36837433	18197/77	ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA	10.769,38 €	10.769,38 €	100,00%
G36627453	18198/77	ASOC. VIGUESA DE ALCOHOLOGIA ASVIDAL	3.686,74 €	3.686,74 €	100,00%
G27712306	18199/77	ASOCIACIÓN DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	11.363,54 €	11.363,54 €	100,00%

c) Programa IV: "Entidades empresariais"

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
G36732295	18096/77	ASOCIACIÓN COMERCIANTES MERCADO DE TEIS	8.126,34 €	8.126,34 €	100,00%
G02948974	18097/77	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO CENTRO	18.295,37 €	18.295,37 €	100,00%
G36664217	18098/77	ASOCIACIÓN COMERCIANTES DE TEIS	13.899,15 €	13.899,15 €	100,00%
G27807205	18102/77	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO	29.575,04 €	29.575,04 €	100,00%
G36847861	18107/77	ASOC. EMPR. IND. Y COMERC. ZONA TRAVIESAS (AETRAVI)	7.133,27 €	7.133,27 €	100,00%
G27826999	18122/77	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	4.480,13 €	4.480,13 €	100,00%
G94017829	18123/77	ASOC. CLUSTER GALLEGA GEOTERMIA ACLUGEGA	10.728,60 €	10.728,60 €	100,00%
G36627719	18128/77	ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE TRANSPORTES DISCRECIONALES DE MERCANCIAS	19.713,18 €	19.713,18 €	100,00%
G36614725	18132/77	ASOC. AUTÓNOMA PROVINCIAL DE EMPRESARIOS	9.187,33 €	9.187,33 €	100,00%
G36640845	18153/77	ASOC. DE EMPRESARIOS DE ELECTRICIDAD Y TELECOMUNICACIONES DE PONTEVEDRA	6.494,28 €	6.494,28 €	100,00%
G36801876	18160/77	ASOC. DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD	9.605,67 €	9.605,67 €	100,00%
G36661536	18170/77	ASOC. DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	7.429,90 €	7.429,90 €	100,00%
G27767656	18171/77	ASOC. DE COMERCIANTES DEL PAU DE NAVIA	5.330,59 €	5.330,59 €	100,00%
G36708311	18179/77	ASOC. EMPRESARIOS MERCADO DO BERBÉS	5.793,84 €	5.793,84 €	100,00%
G36712701	18180/77	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL MERCADO DE LAS TRAVIESAS	5.504,72 €	5.504,72 €	100,00%

□ Programa V : "Comunidades de Montes" :

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
V36840726	18116/77	MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO	145.000,00 €	145.000,00 €	100,00%

e) Programa VI: "Entidades deportivas":

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
G36869873	18130/77	CLUB DE ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO	13.048,61 €	13.048,61 €	100,00%
G36810075	18131/77	UNIÓN BALONMÁN LAVADORES	11.421,76 €	11.421,76 €	100,00%
G36763084	18135/77	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	11.886,22 €	11.886,22 €	100,00%
G36649283	18154/77	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	5.618,27 €	5.618,27 €	100,00%
G36904530	18167/77	CLUB DEPORTIVO DO C.S.C.R. DE BEADE	4.547,10 €	4.547,10 €	100,00%
G36737724	18172/77	BALAÍDOS C.F.	12.305,76 €	12.305,76 €	100,00%
G36874832	18178/77	CLUB RÁPIDO DE PEREIRO F.C.	5.954,92 €	5.954,92 €	100,00%
G36657450	18185/77	AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	15.197,18 €	15.197,18 €	100,00%
G36753911	18190/77	CLUB DEPORTIVO COIA	22.634,21 €	22.634,21 €	100,00%
G36713493	18195/77	CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	1.843,82 €	1.843,82 €	100,00%
G36796258	18200/77	CLUBE CICLISTA VALLADARES	19.548,62 €	19.548,62 €	100,00%



Concello de Vigo

CUARTO: PUBLICAR na Base Nacional de Datos de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

QUINTO: NOTIFICAR o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(582).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES. EXPTE.8398/224.

Visto o informe xurídico de data 25/06/2021 e informe de fiscalización do 28/06/2021, dáse conta do informe-proposta de data 15/06/2021, da xefe do servizo, conformado pola concelleira-delegada de Igualdade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 25 de outubro de 2018, acordou adxudicar á entidade "Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L" con CIF- B27762681 o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo por un prezo total do contrato de 32.548,76 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.648,96 €.

En data 08.11.2018 o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 9 de novembro de 2018 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *".../ o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e ese se lle notifique cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato..."*

S.ord. 08/07/2021

Co obxecto de propoñer a aprobación da terceira prórroga do contrato este órgano xestor informa que a xestión por parte da entidade concesionaria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha terceira prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 9 de novembro de 2021 ao 8 de novembro de 2022 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 32.548,76 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica “Plan municipal de Igualdade” 2311 227 9906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2022 da Concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- período comprendido entre o 9 de novembro de 2021 ao 31 de decembro de 2021:
2.169,86 € (22 días de novembro x 98,63 € prezo/día) + 2.958,98 €
(mensualidade decembro) = **5.128,84 €** con cargo ás partidas “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 ao 8 de novembro de 2022 (agás o mes de agosto): 9 mensualidades+8 días de novembro = **27.419,92 €** con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2022 nas partidas “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento da Concellería de Igualdade para o futuro exercicio 2022.

Este órgano xestor informa de que o consumo de crédito na bolsa de vinculación 22 non altera o funcionamento do servizo de Igualdade durante o vixente exercicio nin o do futuro exercicio 2022; ademais, infórmase de que a teor deste consumo de crédito na bolsa de vinculación, minorarase proporcionalmente a partida de gasto da citada bolsa “Plan Municipal de Igualdade” 2311 2279906.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo, que abrangue desde o 9 de novembro de 2021 ao 8 de novembro de 2022, ambos incluídos, coa entidade “Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L” con CIF- B27762681, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de outubro de 2018.



Concello de Vigo

2º.- Aprobar o gasto de 32.548,76 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 5.128,84 € con cargo á partida “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 27.419,92 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2022 na partida “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do futuro exercicio 2022 da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(583).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA E-638-C-7 DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 10987/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/07/2021, asinado pola xefe do servizo, pola asesora xurídica de Igualdade e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 5 de xullo de 2021 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE: ****9928*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada do seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-7, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE: ****9928* e o seu fillo, a ocupen por un período de seis meses, (a contar desde a data de ingreso da unidade familiar na vivenda, data fixada polo equipo multidisciplinar do Centro municipal de información dos dereitos da muller), transcorridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

S.ord. 08/07/2021

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda da rede municipal de pisos de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 10987/224 por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(584).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE TERCEIRA PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-8. EXPTE. 10306/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/07/2021, asinado pola xefe do servizo, pola asesora xurídica de Igualdade e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

O día 7 de setembro de 2020 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE: ****2463*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada do seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm. ****2463* e o seu fillo, a ocupase por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/09/2020.

Desde o día 17 de setembro de 2020 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

A proposta dos servizos municipais de atención á muller, a Xunta de Goberno Local en data 12 de marzo de 2021 acorda aprobar unha prórroga de estancia por un período de dous meses a contar desde o día 17 de marzo de 2021.



Concello de Vigo

A proposta dos servizos municipais de atención á muller, a Xunta de Goberno Local en data 6 de maio de 2021 acorda aprobar unha segunda prórroga de estancia por un período de dous meses a contar desde o día 17 de maio de 2021.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha traballadora social e unha psicóloga fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 5 de xullo de 2021 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a dous meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha segunda prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 por un período máximo de dous meses de duración a contar desde o día 17 de xullo de 2021 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 10306/224.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(585).- PROPOSTA APROBACIÓN DA RENDICIÓN CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR -ANO 2021 (2º). EXPTE. 102846/140

Dáse conta do informe-proposta de data 29/06/2021, asinado pola xefa do servizo de Fiscalización, polo interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda.

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2021.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	Si a favor
Abalde Comesaña Raquel	202100035253	9120.2269900	700,00	725,28	29/03/21	04/06/21	29/06/21	0,00	25,28

Abalde Comesaña Raquel	202100037376	9120.2310000	500,00	516,18	13/04/21	04/06/21	13/07/21	0,00	16,18
Couce Senra Óscar	202100013476	1532.2312000	300,00	43,25	04/03/21	31/05/21	04/06/21	256,75	0,00
Fernández Fernández Paz	202100013486	2310.4800000	200.000,00	191.423,08	04/03/21	20/05/21	04/06/21	8.576,92	0,00
García Álvarez Luís	202100033320	2311.4800000	4.500,00	4.215,00	18/03/21	17/06/21	18/06/21	285,00	0,00
Magdalena Vila M. ^a Jesús	202100048878	9320.2260800	78,65	78,65	03/05/21	10/06/21	03/08/21	0,00	0,00
Vivero Mijares Antonio	202100048877	1320.2250000	1.400,00	1.400,00	03/05/21	12/05/21	03/08/21	0,00	0,00
TOTAL			207.478,65	198.401,44				9.118,67	41,46

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditábase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
✓		

PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202100035253	9120.2269900	700,00	725,28	29/03/21	04/06/21	29/06/21	0,00	25,28
Abalde Comesaña Raquel	202100037376	9120.2310000	500,00	516,18	13/04/21	04/06/21	13/07/21	0,00	16,18
Couce Senra Óscar	202100013476	1532.2312000	300,00	43,25	04/03/21	31/05/21	04/06/21	256,75	0,00
Fernández Fernández Paz	202100013486	2310.4800000	200.000,00	191.423,08	04/03/21	20/05/21	04/06/21	8.576,92	0,00



Concello de Vigo

García Álvarez Luis	202100033320	2311.4800000	4.500,00	4.215,00	18/03/21	17/06/21	18/06/21	285,00	0,00
Magdalena Vila M. ^a Jesús	202100048878	9320.2260800	78,65	78,65	03/05/21	10/06/21	03/08/21	0,00	0,00
Vivero Mijares Antonio	202100048877	1320.2250000	1.400,00	1.400,00	03/05/21	12/05/21	03/08/21	0,00	0,00
TOTAL			207.478,65	198.401,44				9.118,67	41,46

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(586).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN MARCO PARA REALIZACIÓN DA EXPOSICIÓN "MANUEL COLMEIRO 1919-1939. ARTE EN TEMPOS DE DESACOUGO" NA FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER (SANTIAGO) DURANTE O EXERCICIO 2021. EXPTE. 2995/341.

Visto o informe xurídico do 22/06/2021 e o informe de fiscalización do 29/06/2021, dáse conta do informe-proposta de data 21/06/2021, asinado polo técnico de xestión e promoción cultural, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 28 de maio do 2021, a FUNDACIÓN MARCO presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento da **EXPOSICIÓN "MANUEL COLMEIRO 1919-1939. ARTE EN TEMPOS DE DESACOUGO" NA FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER (SANTIAGO)**; por este motivo, o día 3 de xuño do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase a tramitación do expediente de subvención polo importe de 30.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3330.480.00.00.

No orzamento municipal vixente prevese a concesión dunha subvención nominativa en concepto de **"Convenio MARCO-Concello. Xestión colecc. Comodato Colmeiro"** con cargo á partida orzamentaria 3330.480.00.00 polo importe de 30.000 euros.

1.- ANTECEDENTES. Fundación Marco e Concello de Vigo

O Pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002, por unanimidade, acordou a súa participación na Fundación Marco, como entidade fundadora e aprobar os Estatutos da Fundación. Con data 22 de outubro de 2002, constitúese a Fundación Marco, CIF G36909885, na Casa do Concello de Vigo, en escritura pública diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 2.100.

A Fundación Marco está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a

S.ord. 08/07/2021

exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

O Padroado da Fundación Marco na sesión 25 de outubro de 2018 acordou aprobar os Estatutos Consolidados da Fundación e prodúcese a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por resolución do 11 de marzo de 2019.

A Fundación Marco, foi clasificada de interese cultural, por Orde de 13 de decembro de 2002, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm 2, do 3 de xaneiro de 2003); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por Orde de 15 de xaneiro de 2003 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG núm 24, do 4 de febreiro de 2003).

2.- PROGRAMA E ORZAMENTO OBXECTO DE SUBVENCIÓN.-

Consta no expediente, certificación do secretario da Comisión de Seguimento do contrato de comodato con compromiso de oferta de doazón do legado pictórico de Manuel Colmeiro e secretario da Fundación MARCO, de data 14 de xuño de 2021, na que certifica que “...a Comisión de Seguimento, na reunión de data 14 de xaneiro de 2021, adoptou, entre outros acordos o seguinte:

5º Proposta de determinación para o ano 2021 de actuación municipal de carácter cultural relacionada coa obra comodatada.

A Presidencia informa que a organización da exposición antolóxica do artista Manuel Colmeiro Guimarás no Museo da Fundación MARCO supoñe o cumprimento das obrigas municipais respecto do compromiso de “actuacións municipais de carácter cultural” correspondentes aos anos 2019 e 2020. Respecto do “Plan de Actuación Municipal” para o ano 2021 o director da Fundación MARCO e o concelleiro delegado de Cultura propoñen que, sen prexuízo das limitacións que poidan xurdir consecuencia do COVID-19, a exposición antolóxica de Manuel Colmeiro da Fundación MARCO teña a súa continuidade ben na Cidade de A Coruña, no Espazo +60 da Afundación (Abanca), ben na Fundación Torrente Ballester da Cidade de Santiago de Compostela comprometéndose o Director da Fundación MARCO á organización de tal actuación municipal como propia da Fundación (na súa condición de sector público municipal) e a realización dos gastos que, mediante a colaboración que se instrumente co Concello, poidan derivarse (póliza cravo a cravo; transporte e similares), así como á execución das xestións para a consecución dos fins sinalados.

O representante da familia Colmeiro manifesta a súa plena conformidade coas actuacións expostas e o seu compromiso en colaborar na súa xestión.

Por este motivo, a Fundación Marco presenta proposta para organizar a **EXPOSICIÓN "MANUEL COLMEIRO 1919-1939. ARTE EN TEMPOS DE DESACOUGO" NA**



Concello de Vigo

FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER (SANTIAGO) entre o 11 de xuño e o 12 de setembro de 2021, na súa sede situada en Rúa do Vilar, 7, 15705 Santiago de Compostela, A Coruña.

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa polo importe total de 30.000 €. A Fundación Marco declara que para este proxecto non se teñen solicitado outras axudas ou subvencións.

3.- DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da Fundación MARCO, tense presentado a seguinte documentación relativa ao expediente de subvención:

- Solicitud de subvención asinada polo Director da Fundación
- DNI do representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos vixentes da Fundación Marco e capacidade do representante legal
- Memoria e orzamento da actividade a organizar pola Fundación MARCO
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria (dispoñible no Concello)
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas solicitadas e concedidas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

4.- LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO, para a organización da **EXPOSICIÓN "MANUEL COLMEIRO 1919-1939. ARTE EN TEMPOS DE DESACOUGO" NA FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER (SANTIAGO)**, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A concesión da subvención directa á FUNDACIÓN MARCO deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello

S.ord. 08/07/2021

5.- ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6.- FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO ten como obxecto financiar a realización da **EXPOSICIÓN "MANUEL COLMEIRO 1919-1939. ARTE EN TEMPOS DE DESACOUGO" NA FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER (SANTIAGO)**, que figuran na aplicación orzamentaria 3330.480.00.00 "**Convenio MARCO-Concello. Xestión colecc. Comodato Colmeiro**".

A subvención do Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

7.- CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- "Aprobar a concesión directa dunha subvención á FUNDACIÓN MARCO, CIF: G36909885, por importe de 30.000 € (trinta mil euros), para o financiamento da realización da **EXPOSICIÓN "MANUEL COLMEIRO 1919-1939. ARTE EN TEMPOS DE DESACOUGO" NA FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER (SANTIAGO)**, e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3330.480.00.00 "**Convenio MARCO-Concello. Xestión colecc. Comodato Colmeiro**", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Miguel Fernández Cid, director da Fundación Marco.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para



Concello de Vigo

a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla no presente acordo, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa polas canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.
10. Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades obxecto deste acordo.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (30.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
3. Xestionar as autorizacións de cesión/ préstamo temporal das obras do pintor Manuel Colmeiro, pertencentes á colección municipal de arte en réxime de comodato

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto da concesión da subvención establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente acordo.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha



Concello de Vigo

achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto desta subvención e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

A beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de ata o 50% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. A estes efectos e conforme ao artigo 42.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a

Fundación queda exonerada da constitución de garantía, para a tramitación de dito pago, por ser unha entidade fundacional sen ánimo de lucro coa finalidade de promoción do comercio local.

O pagamento realizarase según o seguinte:

- Un primeiro pagamento polo 50% do importe concedido (15.000 €) trala aprobación da concesión da subvención pola Xunta de Goberno Local e previa solicitude de pagamento da ENTIDADE.

- Un segundo e derradeiro pagamento polo 50% do importe concedido (15.000 €), trala finalización da actividade e previa solicitude de pagamento da entidade, acompañando toda a documentación xustificativa que se indica a continuación.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 - Memoria de prensa.



Concello de Vigo

- Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
- Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Concello de Vigo

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito desta subvención, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución da actividade que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes.

PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A concesión desta subvención non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento da actividade.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(587).- CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCÍONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO". EXPTE. 3926/330.

Visto o informe xurídico do 30/06/2021 e o informe de fiscalización do 02/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 30/06/2021, asinado polo técnico de xestión e promoción cultural, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

En base ao informe de fiscalización da Intervención Xeral de data 30 de xuño, modifícase a proposta de bases da convocatoria na bases sétima, introducindo un novo apartado número sete, polo que se procede a efectuar de novo o seguinte

INFORME-PROPOSTA.-

Con data 21 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" en réxime de concorrencia competitiva.

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio.

O periodo establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo da presente convocatoria será dende o 1 de novembro de 2020 ao 31 de outubro de 2021, ambos inclusive. O ámbito espacial da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo". As actividades realizadas no meses de novembro e decembro de 2021 incorporaranse á convocatoria anual seguinte, de selo caso.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e a tal se redactaron por esta xefatura a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

O obxectivo xeral da convocatoria é apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade nun espazo singular como é o Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo", dotando dunha serie de actividades socioculturais que profundicen na diversidade das programacións, no acceso aos discursos artísticos plurais e na creación de novos públicos. Favorecer a promoción da cultura dende as actividades en equipamentos culturais, achegándoa aos cidadáns e potenciando e consolidando as industrias culturais.



Concello de Vigo

As especiais características do Auditorio “Mar de Vigo” implican que a convocatoria teña como fin a promoción de espectáculos e actividades que non son susceptibles nalgúns casos de realizarse noutras instalacións do termo municipal, e posibilitar de paso o acceso maioritario dos cidadáns á cultura nas súas diferentes vertentes e modalidades, especialmente ás artes escénicas e musicais.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos términos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade. Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento de programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos términos regulamentariamente establecidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

No relativo ao procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación estipulados nas bases reguladoras da presente convocatoria.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada actividade a subvencionar será do 90% do importe de gastos presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual (30 puntos).

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias

terán que achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

A teor do disposto no artigo. 81 do regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da convocatoria, bases e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

Primeiro.- Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras, anexos e extracto de subvencións que se achegan no expediente, para o financiamento de actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" en réxime de concorrencia competitiva.

Segundo.- Que se autorice e dispoña un gasto por un importe máximo de 500.000 (CINCOCENTOS MIL) euros con cargo á aplicación 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

18(588).- RECOÑECEMENTO DAS MELLORAS DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN DE AQUALIA CORRESPONDENTES AS ACTUACIÓNS EXECUTADAS ATA O 30 DE XUÑO DE 2020. EXPTE. 6729/440.

Visto o informe de fiscalización do 01/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 21/06/2021, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na clausula quinta do documento, estableceuse o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo de levar a cabo a execución dunha serie de proxectos de mellora que se incorporan ao documento de aceptación de prórroga, sen cargo algún para o Concello de Vigo.

Con data 08 de agosto de 2013, a Xunta de Goberno Local, acordou recoñecer as melloras da prórroga da concesión de Aqualia efectuadas pola entidade concesionaria ata o 31 de marzo de 2013, con número de expediente 1986-440, por un importe de 371.063,96 €.

Con data 06 de marzo de 2015, a Xunta de Goberno Local, acordou recoñecer as melloras da prórroga da concesión de Aqualia efectuadas pola entidade concesionaria ata o 30 de xuño de 2014, con número de expediente 3061-440, por un importe de 748.681,64 €.

En data 22 de decembro de 2020, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Auga qualia-FCC Vigo UTE presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento das actuacións da prórroga da concesión de Aqualia, correspondentes ás actuacións de melloras, executadas ata o 30 de xuño de 2020.

INFORME:

As actuacións executadas e incluídas nas melloras da prórroga da concesión ata o 30 de xuño de 2020 son as seguintes:

ACTUACIÓN	Nº expediente
Sistema de reclaración en liña en Sárdoma	1999/440
Plan de eficiencia e control de consumos municipais	3136/440
Plan Verde: Mellora ambiental en Avda Florida	3184/440
Plan Verde: Mellora Ambiental Senda da Auga	3242/440
Plan Verde: Mellora Ambiental Paseo Fluvial Lagares	3243/440
Plan Verde: Parque enerxías renovables en Navia	3244/440

S.ord. 08/07/2021

Consta na documentación presentada para as actuacións indicadas anteriormente, a seguinte documentación:

- Táboa resumo dos datos básicos da actuación e datas relevantes.
- Certificación da Xunta de Goberno Local autorizando a execución con cargo ás melloras da prórroga da concesión.
- Acta de comprobación de replanteo.
- Acta de recepción.
- Relación de unidades de obra executadas.
- Documento fin de obra que recolle breve memoria da actuación, planos descriptivos, e fotografías.

Para o Plan de eficiencia e control de consumos municipais, consta na documentación presentada a seguinte documentación:

- Táboa resumo dos datos básicos da actuación e datas relevantes.
- Certificación da Xunta de Goberno Local autorizando a execución con cargo ás melloras da prórroga da concesión.
- Documento que recolle os resultados das campañas anuais de seguimento dos consumos municipais.

En data 11 de xuño de 2021, os Enxeñeiros Municipais Xacobe Paz Salgado e Jerónimo Centrón Castaños emiten informe indicando que toda a documentación presentada corresponde cos traballos levados a cabo para cada unha das actuacións citadas anteriormente e se considera completa a efectos de tramitación do correspondente recoñecemento como melloras da prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE

Dacordo co anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1. Recoñecer como "Melloras da prórroga da concesión de Aqualia, ata o 30 de xuño de 2020, con cargo ao concesionario e sin coste algún para o Concello de Vigo a cantidade de 974.096,94 €, correspondente as melloras executadas ata xuño de 2020 co seguinte desglose:
 - Sistema de rechloración en liña en Sárdoma por un importe de 76.347,85 € (IVE excluído).
 - Plan de eficiencia e control de consumos municipais por importe de 39.891,83 € (IVE excluído)
 - Plan Verde: Mellora ambiental en Avda Florida por importe de 173.815,30 € (IVE excluído).
 - Plan Verde: Mellora Ambiental Senda da Auga, por importe de 108.328,82 € (IVE excluído).



Concello de Vigo

- Plan Verde: Mellora Ambiental Paseo Fluvial Lagares por importe de 230.601,88 € (IVE excluído).
- Plan Verde: Parque enerxías renovables en Navia por importe de 345.111,26 € (IVE excluído).

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(589).- RECOÑECIMENTO DA INVERSIÓN DAS OBRAS DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS, EXECUTADAS ATA 31 DE MARZO DE 2021. EXPTE. 6824/440.

Visto o informe de fiscalización do 01/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 21/06/2021, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- En data 30 de marzo de 2021, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Auga “Aqualia” presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento de inversión correspondente ao plan de investimentos da prórroga da concesión de Aqualia, con cargo á retribución do concesionario a cantidade de **897.430,93 €**, correspondente ás inversións executadas ata o 31 de marzo de 2021.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou:

No punto 1º, declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de data 25/10/1990, por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato, de conformidade co establecido na condición 2ª do Prego de Condicións Administrativas Particulares que rexeu o concurso para a adxudicación da concesión (Pleno 5/7/1990) e ao tenor do preceptuado na Disposición Adicional segunda da Lei 30/2007, en relación co previsto no artigo 121 da vixente Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (Lei 7/1985).

No punto 3º acordouse convenir coa Entidade concesionaria, Aqualia-FCC Vigo UTE, o exercicio da obriga asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato, respecto da provisión dos fondos necesarios para a financiación dun plan de investimentos. Dentro do plan de investimentos se recollía un importe de 20.000.000€ destinado a “outros

investimentos” e un importe de 10.274.000€ destinado á adquisición dos terreos para a EDAR Lagares.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, acordou aprobar a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

Cuarto.- Con data 8 de agosto de 2013, efectuouse o primeiro recoñecemento de inversións realizadas desde a declaración da prórroga da concesión administrativa a Aqualia-FCC Vigo UTE. Así a Xunta de Goberno Local acordou recoñecer como inversións da prórroga da concesión de Aqualia, (período 2011-2012), con cargo á retribución do concesionario a cantidade de 8.233.614,25 €, correspondente á inversión executada ata o finais do ano 2012.

Desta cantidade, un importe de 253.472.68 € corresponden a investimentos propiamente ditos, incluídos no Plan de investimentos aprobado coa prórroga da concesión do servizo, e un importe de 7.980.141,57 € ás tres primeiras certificacións dos pagos realizados pola concesionaria para a adquisición dos terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares.

Quinto.- Con data 6 de marzo de 2015, a Xunta de Goberno Local, no expediente núm. 3060-440, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 30 de xuño de 2014, por un importe de 1.346.730,57 €; cantidade da que 422.735,65 € corresponden á adquisición de terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares.

Sexto.- Con data 19 de xuño de 2015, a Xunta de Goberno Local, no expediente núm. 3245-440, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 31 de xaneiro de 2015, por un importe de 3.641.977,82 €.

Sétimo.- Con data 16 de setembro de 2016, no expediente núm. 3726-440, a Xunta de Goberno Local acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 30 de outubro de 2015 por importe de 5.750.564,39 €.

Oitavo.- Con data 30 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 31 de decembro de 2016, con número de expediente 4733/440, por un importe de 3.252.038,44 €, cantidade da que 453.124,89 € corresponden á adquisición de terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares.

Noveno.- Con data 3 de decembro de 2020, a Xunta de Goberno Local, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 28 de febreiro de 2019, con número de expediente 6496/440, por un importe de 4.013.181,25 €, cantidade da que



Concello de Vigo

80.899,45€ corresponden á adquisición de terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares.

Decimo.- Con data 30 de decembro de 2020, a Xunta de Goberno Local, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 30 de xuño de 2020, con número de expediente 6664/440, por un importe de 2.905.710,49 €, dos cales 30.209,76 corresponden a un abono en relación á adquisición de terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares

Undecimo.- En data 30 de marzo de 2021, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Auga "Aqualia" presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento de inversión correspondente ao plan de investimentos da prórroga da concesión de Aqualia, con cargo á retribución do concesionario a cantidade de 897.430,93 €, correspondente ás inversións executadas ata o 31 de marzo de 2021.

Undecimo.- En data 11 de xuño de 2021, o Enxeñeiro de Camiños municipal e o Xefe do Servizo de Vías emiten informe técnico favorable ao respecto.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- As actuacións incluídas na solicitude de recoñecemento de inversión ata o 31 de marzo de 2021, son as seguintes:

	ACTUACIÓN	INVERSIÓN (IVE excluído)	Nº expediente
a	Control arqueolóxico previo saneamento Jacinto Benavente e os seus custes asociados	42.208,94 €	4748/440
b	Proxecto de mallado red de abastecemento, e os seus custes asociados	276.169,71 €	5439/440
c	Proxecto de eliminación do vertido en zona de Alza, e os seus custes asociados	102.445,18 €	1980/440
d	Proxecto de mellora da rede de saneamento Jacinto Benavente, e os seus custes asociados	233.354,84 €	3403/440
e	Proxecto de renovación da red de abastecemento Avd. Camelias, e os seus custes asociados	102.831,67 €	6511/440
f	Proxecto de renovación da rede de abastecemento Rúa Filipinas, Fase I, e os seus custes asociados	65.812,53 €	5539/440
g	Proxecto de renovación da rede de abastecemento Rúa Filipinas, Fase II, e os seus custes asociados	61.554,71 €	5539/440
h	70% dos custes asociados ó proxecto Control recloración depósitos	1.434,04 €	4043/440
i	70% dos custes asociados ó proxecto Instalación rede de saneamento rúa Fontiñas	659,95 €	5497/440
j	70% dos custes asociados ó proxecto Renovación redes	10.959,36 €	1849/440

	c/Pontevedra		
	TOTAL PENDENTE DE RECOÑECER	897.430,93 €	

Segundo.- Na ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2013, contéplase no apartado III, punto d, *que*:

“Unha vez rematada a obra, someterase a aprobación da Xunta de Goberno Local a recepción da mesma, o que implicará o recoñecemento do investimento, a adscrición ao servizo público e a autorización para iniciar o procedemento de recuperación a través da tarifa do Servizo.

Considerase imprescindible achegar á proposta de recoñecemento de investimento a seguinte documentación:

- Certificado final de obra.
- Acta de recepción.
- Certificación acreditativa de terse efectuado a totalidade dos pagamentos inherentes ás obras, agás as dos gastos asociados (asistencia técnica, dirección de obra, etc.).

Consta informe de data 11 de xuño de 2021 dos Enxeñeiros Municipais D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños no que se indica que **toda a documentación presentada corresponde cos traballos levados a cabo para cada unha das actuacións citadas anteriormente e se considera completa a efectos de tramitación do correspondente recoñecemento de inversión.**

Terceiro.- Competencia.- O apartado III, punto d) do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2013 atribuí á Xunta de Goberno Local a creación e recoñecemento do investimento, polo que **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Único.- Recoñecer como inversións do plan de investimentos da prórroga da concesión de Aqualia, (período ata o 31 de marzo de 2021), con cargo ao concesionario e sen coste algún para o Concello de Vigo a cantidade de 897.430,93 €.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(590).- PROPOSTA PARA INICIAR DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO DE CONSTRINXIMENTO PARA O COBRAMENTO DE RECIBOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGAS DO CONCELLO DE PORRIÑO-ANO 2017. EXPTE. 88201/700.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/06/2021, asinado polo recadador executivo e polo tesoureiro municipal, que di o seguinte:



ANTECEDENTES:

- A Dirección de ingresos do Concello de Vigo en data 22 de xaneiro de 2021 remíte a esta Tesourería o seguinte informe:

Achégolle expediente da “ débeda por subministración de auga desde o Concello de Vigo ao Concello de Porriño” correspondente aos períodos de facturación entre o 01.01.2017 e o 31.12.2017 non satisfeitas en período voluntario e aprobadas por Decreto mensual do Ilmo. Sr.Alcalde e que dimana do acordo adoptado polo Pleno de Concello de Vigo de data 27 de xaneiro de 1998.

As citadas liquidacións foron notificadas regulamentariamente conforme ós art. 109 a 112 da Lei 58/2003 do 17 de decembro XeralTributaria.

O presente expediente (88201/700) ten a súa orixe na petición con data de rexistro 19 de xaneiro de 2021 formulada pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga para a apertura do citado proceso recadatorio

- As citadas liquidacións, cuxo importe total ascende a **213.202,93 €** (DOUSCENTOS TRECE MIL DOUSCENTOS DOUS EUROS E NOVENTA E TRES CENTIMOS) segundo relación que achega foron aprobadas por decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde en cada mes dos devanditos anos e que se relacionan o seguir:

CONCEPTO	AÑO	RECIBO	NIF	NOMBRE	PDO FACT	NOTIF PDO VOL	DATA FIN PDO VOL	PRESCRIP	PRINCIPAL
000593	2021	215930001	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	XAN-FEB 2017	14/03/17	20/04/17	06/07/21	32736,79
000593	2021	215930002	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	MAR-ABR 2017	19/05/17	05/07/17	20/09/21	27209,95
000593	2021	215930003	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	MAI-XUÑ 2017	26/07/17	05/09/17	21/11/21	36001,68
000593	2021	215930004	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	XUL-AGO 2017	29/09/17	05/11/17	21/01/22	38151,32
000593	2021	215930005	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	SEP-OUT 2017	19/12/17	05/02/18	23/04/22	40459,56
000593	2021	215930006	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	NOV-DEC 2017	01/02/18	20/03/18	05/06/22	38643,63
								TOTAL	213202,93

- Con data 28 de decembro de 2020, o Director da entidade concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia-FCC Vigo UTE emite certificación na que se fai constar que unha vez rematado o periodo voluntario de cobranza das liquidacións a que se refire o presente expediente, resultaron impagadas as correspondentes cotas tributarias.

Todo en cumprimento do establecido nas cláusulas 68 e 69 do prego de condicións económico-administrativas polas que se rexeu o concurso para o otorgamento da concesión.

A data de saída da antedita certificación é o 18 de xaneiro de 2021 e o día seguinte ten entrada no Rexistro Municipal, (data rexistro entrada:19 de xaneiro de 2021.

Debemos facer notar que a finalización do período voluntario de cobro de ditas liquidación foi catro anos antes (ano 2017), sin que conste ningunha actuación encamiñada o cobro das mesmas por parte do adxudicatario do prego (AQUALIA-FCC VIGO UTE) ata a data da súa remisión a esta Tesourería para o inicio do procedemento de constrinximento (ano 2021), PARA EVITAR A PRESCRIPCIÓN DAS MESMAS.

Cumpre indicar que cláusula 67 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión, prevé que ***“Transcorridos tres meses a contar dende a finalización do período voluntario de cobro, o Concesionario presentará ó Concello relación de impagados que resulte incobrable, ós efectos de que pola Administración Municipal se tramiten e aproben os correspondentes expedientes de constrinximento”***.

- Maila isto, en data 1 de febreiro de 2021 o concelleiro delegado de orzamentos e facenda remíte a esa xunta de goberno local, con carácter previo á apertura de expedientes de cobranza pola vía de constrinximento, a adopción do seguinte acordo:

“Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 213.202,93 € (DOUSCENTOS TRECE MIL DOUSCENTOS DOUS EUROS E NOVENTA E TRES CENTIMOS) en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación”.

- O 1 de marzo de 2021 a Secretaría Xeral devólve o expediente a esta Unidade de Recadación Executiva sen que fora incluído na orde do día da Xunta de Goberno Local e polo tanto sen acordo da mesma non é posible dictar a providencia de apremio.
A consecuencia de non iniciar o procedemento de apremio no seu día dificulta a notificación en prazo da providencia de prema correspondente o primeiro semestre pola proximidade do prazo de prescripción.
- En data 4 de marzo de 2021 infórmase e envíase o expediente á Dirección de ingresos da devolución do expediente por parte da Secretaría Municipal.

ACORDO:

Por todo o anteriormente exposto esta Tesourería, de conformidade co disposto no artigo 9.3 da Ordenanza Fiscal nº. 60 Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais,



Concello de Vigo

REMÍTESE O EXPEDIENTE **NOVAMENTE** A ESA XUNTA DE GOBERNO LOCAL para a adopción do correspondente acordo, con carácter previo á apertura de expedientes de cobranza pola vía de constrinximento, das liquidación que figuran todavía dentro do prazo de prescripción para exixir o pago das mesmas e que se detallan a continuación:

CONCEPTO	AÑO	RECIBO	NIF	NOMBRE	PDO FACT	NOTIF PDO VOL	DATA FIN PDO VOL	PRESCRIP	PRINCIPAL
000593	2021	215930001	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	XAN-FEB 2017	14/03/17	20/04/17	06/07/21	32736,79
000593	2021	215930002	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	MAR-ABR 2017	19/05/17	05/07/17	20/09/21	27209,95
000593	2021	215930003	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	MAI-XUÑ 2017	26/07/17	05/09/17	21/11/21	36001,68
000593	2021	215930004	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	XUL-AGO 2017	29/09/17	05/11/17	21/01/22	38151,32
000593	2021	215930005	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	SEP-OUT 2017	19/12/17	05/02/18	23/04/22	40459,56
000593	2021	215930006	P3603***F	CONCELLO DE PORRIÑO	NOV-DEC 2017	01/02/18	20/03/18	05/06/22	38643,63
							TOTAL		213202,93

ACORDO PROPOSTO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 213.202,93 € (DOUSCENTOS TRECE MIL DOUSCENTOS DOUS EUROS E NOVENTA E TRES CENTIMOS) en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(591).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021, ANUALIDADE 2021:

A) FASE 19 DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DO CASCO VELLO. EXPTE. 3689/431

Visto o acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo, sesión ordinaria do 29/06/2021, dáse conta do informe-proposta de data 23/06/2021, asinado pola directora da oficina de Rehabilitación da XMU e conformado polo xerente da XMU, que di o seguinte:

S.ord. 08/07/2021

Como parte do procedemento de solicitude de participación na anualidade 2021 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “**Área de Rehabilitación Integral de Conxunto Histórico do Casco Vello de Vigo**”, e seguindo co establecido na Resolución do 03 de xuño de 2021, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2021 (en diante R.03.06.2021) e, segundo as Resolucións do 19 de xuño de 2020, do 31 de maio de 2019 e 3 de agosto de 2018 (en diante R.19.06.2020, R.31.05.2019 e R.03.08.2018 respectivamente), o Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítense o seguinte informe proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

En data 29 de setembro de 1997 o Casco Vello de Vigo obtivo a declaración de “Área de Rehabilitación Integral” coincidente coa delimitación de Centro Histórico outorgado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

En abril de 2007 apróbase definitivamente o Plan Especial de Protección e reforma interior do Centro Histórico do Casco Vello de Vigo.

Este recoñecemento administrativo permitiu o desenvolvemento de accións específicas con financiamento público de Plans Estatais dende o ano 2000 até a actualidade para conseguir a rehabilitación integral do conxunto.

Hoxe, están en vigor convenios e addendas asinados o 14.03.2015, 27.10.2015, 26.10.2017, 4.07.2018, 26.10.2018, 14.12.2018, 22.10.2019, 18.03.2020 e 29.10.2020 para as fases 13, 14, 15, 16, 17 e 18 do Casco Vello segundo o PE 2013-2016, a súa prórroga e o PEV 2018-2021.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, o 16.06.2021 publica no DOG, a R.03.06.2021 que xunto coas R.19.06.2020, R.31.05.2019, R.03.08.2018 e o RD 106/2018 regulan o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na Comunidade autónoma de Galicia.

Na última Resolución publicada pola Xunta de Galicia, se establece, no seu artigo trixésimo, un prazo dun mes a contar desde o día seguinte hábil ao da súa publicación no DOG, para que se proceda a remisión dunha solicitude ao Director Xeral do IGVS segundo o modelo establecido como ANEXO I para participar no Programa por cada unha das ARIs que se queiran incorporar a este programa, un certificado do acordo municipal de solicitar a participación co compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico, os impresos do Anexo II relativo á oficina municipal de rehabilitación e un certificado do titular da Secretaría municipal do Concello conforme a ARI non obtivo financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do PEV 2018-2021 ou, que se realizou a correspondente convocatoria, así como o grao de execución das actuacións ou do financiamento comprometido, de cada acordo desa ARI, nos termos que se establezan en cada procedemento de apertura do prazo de presentación de solicitudes de participación neste programa.



Concello de Vigo

Históricos

O barrio histórico de Vigo (máis coñecido como Casco Vello), do mesmo xeito que os centros históricos do resto de cidades galegas, estrutúrase a partir do antigo recinto amurallado e os seus barrios extramuros, comprendendo unha extensión de 21,84 hectáreas.

A pesar da súa céntrica posición xeográfica na cidade, o barrio histórico desempeñou un papel secundario a respecto da centralidade funcional de Vigo. O desenvolvemento da cidade, que tivo lugar durante o pasado século, foi desprazando progresivamente o seu centro funcional desde a antiga cidade amurallada cara o leste. Porén, a presenza do porto pesqueiro do Berbés, e o seu correspondente barrio dentro da cidade histórica, mantiveron actividades que asemade preservaron certo carácter de centralidade económica vencellada á actividade portuaria en xeral e turística ligada ao mercado da Pedra.

Cunha estrutura urbana conservada de forma desigual segundo as zonas, o desprazamento do centro económico e o escaso interese que durante un longo período amosou a cidade pola súa valoración cultural, propiciou un progresivo deterioro urbano que concluíu cunha importante degradación do seu casarío e dos espazos públicos, que se acompañou desde 1950 cun proceso de avellentamento da poboación residente, despoboamento residencial e aumento abusivo da terciarización que deu lugar a unha perda da identidade urbana e social da zona, con manifestacións de marxización e exclusión social.

Relativos ó planeamento urbanístico

Actualmente, a Área de Rehabilitación Casco Vello de Vigo coincide cos límites do PERI (Plan Especial de Reforma Interior de 1991) do Casco Vello tal e como foi delimitado no PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aínda así o PEPRI (aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, en sesión do 12 de abril de 2007, publicado no B.O.P. Nº 96 do 18 de maio de 2007) contempla unha pequena ampliación do ámbito (un cuarteirón de edificación máis) e a proposta de ampliación (e conseguinte modificación do PXOM) cara outras partes do Ensanche.

O ámbito considerado foi declarado Ben de Interese Cultural, coa categoría de Conxunto Histórico Artístico, segundo Decreto 136/2006, do 27 de xullo, (DOG nº 161, de 22 de agosto de 2006).

Segundo o PEPRI, o orzamento necesario para a rehabilitación do parque de vivendas ascendía á cantidade de 58.656.010 euros para o total das 2.139 vivendas incluídas.

2. SITUACIÓN ACTUAL

Dende o ano 2000 ata a actualidade asináronse acordos de diferentes Plans de Vivenda para un total de 18 fases co fin de conseguir a rehabilitación integral da Área de Rehabilitación de Conxunto histórico do Casco Vello de Vigo.

Na actualidade están en período de execución actuacións no marco dos convenios e addendas das Fases 13, 14, 15, 16, 17 e 18 de Casco Vello de Vigo.

Do convenio de incorporación ao PE 2013-2016 da fase 13 están rematadas todas as actuacións e conta con 554,96€ do Ministerio e financiamento para unha actuación de urbanización.

En data 27/10/2015, asínase o convenio para a fase 14 da ARI declarada do Casco Vello de Vigo por un total de 50 actuacións de rehabilitación, ampliadas posteriormente ata 115

actuacións de rehabilitación e sucesivas prórrogas da súa vixencia mediante acordos recollidos nas addendas asinadas o 10.06.2016, 26.10.2017, 04.07.2018, 14.12.2018 e 18.03.2020. Esta fase ten 8 actuacións pendentes de remate. 86 actuacións de rehabilitación contan con Cualificación definitiva e 8 con Cualificación provisional. Están dispoñibles 21 actuacións de rehabilitación e 29.678,45€ do Ministerio.

O convenio da fase 15 asinouse para un total de 60 actuacións de rehabilitación, 3 de edificación e obras de urbanización, ampliadas posteriormente ata 90 actuacións de rehabilitación e prórrogas da súa vixencia mediante acordos recollidos nas addendas asinadas o 04.07.2018, 14.12.2018 e 18.03.2020. Esta fase ten 1 actuación pendente de remate, 3 actuacións de edificación e 70 de rehabilitación contan con Cualificación definitiva e 1 de rehabilitación con Cualificación provisional. Están dispoñibles 19 actuacións de rehabilitación con 73.479,96€ do Ministerio e 29.972,05€ da Xunta.

O convenio da fase 16 asinouse o 26.10.2018 para un total de 90 actuacións de rehabilitación, 6 de edificación e 2 obras de urbanización. Están rematadas 1 actuación de edificación e 20 actuacións de rehabilitación, 1 actuación de edificación pendente de visita final, 3 actuacións de edificación e 26 actuacións de rehabilitación están en execución, 12 están pendentes de inicio e 10 actuacións están pendentes de licenza. 10 actuacións de rehabilitación e 1 de edificación contan con Cualificación definitiva e 34 actuacións de rehabilitación e 4 de edificación contan con Cualificación provisional, algunha delas teñen en tramitación a aprobación definitiva no Consello da Xerencia ou está solicitada a súa cualificación definitiva. Están dispoñibles 22 actuacións de rehabilitación con 12.197,82€ da Xunta e 1 actuación de edificación con 30.000€ do Ministerio.

O convenio da fase 17 asinouse o 22.10.2019 para un total de 40 actuacións de rehabilitación e 2 de edificación.

A día 18.06.2021 están seleccionadas 35 actuacións de rehabilitación cunha achega de 226.300,79€ do Ministerio e 45.095,59€ da Xunta de Galicia e 2 de edificación con 60.000€ do Ministerio. Están rematadas 6 actuacións de rehabilitación, 9 están en execución, 10 pendentes de inicio e 10 pendentes de licenza, de edificación 1 está en execución e 1 pendente de licenza. 6 actuacións de rehabilitación contan con Cualificación definitiva. 2 de edificación e 29 de rehabilitación contan con Cualificación provisional. Están dispoñibles 5 actuacións de rehabilitación, 16.699,21€ do Ministerio e 14.904,41€ Xunta.

O convenio da fase 18 asinouse o 29.10.2020 para un total de 30 actuacións de rehabilitación.

A día 18.06.2021 están seleccionadas 8 actuacións de rehabilitación cunha achega de 90.545,98€ do Ministerio e 16.859,80€ da Xunta de Galicia. 2 actuacións están en execución, 2 pendentes de inicio e 4 pendentes de licenza. Está remitida toda a documentación para acadar as Cualificacións provisionais das actuacións seleccionadas. Estarían dispoñibles 23 actuacións de rehabilitación, 1.254,02€ do Ministerio e 6.090,20€ Xunta. Unha actuación está en lista de espera ao non chegar o financiamento dispoñible para cubrir a subvención do Ministerio que lle correspondería.

O Concello de Vigo, pon moito énfases no cumprimento dos prazos e dos obxectivos que se asinan no marco dos Plan Estatais destinados á Vivenda e Rehabilitación.

Como consecuencia destes acordos asinados, a día de hoxe contabilizamos 1040 actuacións de rematadas e 111 actuacións en obra ou pendentes de licenza.



Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARIs teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servizos e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación construtiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretendía era coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 9 do D18/2014, corresponderase cunha Área de Rehabilitación Integral de Conxunto Histórico por estar dentro dun conxunto histórico, conta cun plan de especial protección con máis de 50 vivendas.

4. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o periodo 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen esuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

5. Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

6. Polo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas descritas no ordinal vixésimo da R.03.06.2021, serán:

7. Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.

–A contía máxima das axudas contidas no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación, agás para o realoxamento das familias e para o financiamento do custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, nos cales non operará este límite porcentual.

–Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 % cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Aplicarase esta mesma porcentaxe cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

8. A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas, que contén coa súa correspondente referencia catastral, polas axudas unitarias establecidas a seguir:

–Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

–Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, de mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do RD 106/2018, do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.a) do dito real decreto e no ordinal décimo sétimo da R.03.06.2021.

–No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, as contías sinaladas máis arriba incrementaranse con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declarados ben de interese cultural (en diante, BIC), catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións sinaladas nas letras a) e b) deste punto 2.

–Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída.



–Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

–Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo 3 anos, para actuacións de realoxamento temporal.

–Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída, para financiar o custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a subscrición do Acordo da Comisión Bilateral e cada actuación no prazo indicado na súa cualificación provisional.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co ordinal vixésimo primeiro da R.03.06.2021 publicada o día 16 de xuño no Diario Oficial de Galicia, establécense as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

– Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación sen que a subvención poida exceder do 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas.

– Ata 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que se publica mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL

A R.03.06.2021, recolle no seu ordinal oitavo a participación dos concellos no programa que teñan algunha área de rehabilitación declarada, non obstante, o IGVS poderá establecer limitacións á participación dos concellos que xa obtivesen financiamento con cargo a convocatorias anteriores no ámbito do Plan 2018-2021.

O acordo específico que se asine levará o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán segundo a R.03.06.2021.

A R.03.06.2021 establece no seu ordinal décimo cuarto e seguintes, a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu ordinal décimo sétimo se establecen as actuacións subvencionables:

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no citado artigo.

2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:

a) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.

b) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.

c) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:

– En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable dos escorregamentos urbanos, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.

– En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.

– En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.

– En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.



5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exigencias do Código técnico da edificación.

6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras edificacións demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do gozo dunha vivenda digna nun contexto integrador.

7. Así mesmo, serán subvencionables:

a) Os custos dos programas de realoxamento temporal das persoas ocupantes de inmobles que deban ser desaloxadas da súa vivenda habitual ou, de ser o caso, de que ocupasen unha infravivenda ou unha chabola, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes na súa nova contorna.

b) Os gastos de equipamento e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2021 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2021 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.03.06.2021, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación e certificado da persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI, tras obter financiamento, realizouse a correspondente convocatoira así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de cada acordo da ARI.

O Concello de Vigo solicitou participar nas anualidades 2018, 2019 e 2020 do PEV 2018-2021 e asinou convenios para a ARI do Casco Vello de Vigo correspondentes ás fases 16, 17 e 18 desta ARI que teñen a súa tramitación como se indica no apartado 2 deste informe.

A estimación que podemos facer a día de hoxe, é que o Concello de Vigo poderá cumprir os obxectivos que ten asinados ata o momento e considérase especialmente oportuno promover a día de hoxe, a solicitude de participación da **Área de rehabilitación de Centro Histórico do Casco Vello** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2021 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	CUSTO ACTUACION	Nº ACTUACIÓN	ACHEGA MITMA	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	900.000	50	405.000,00	90.000,00	0,00	0,00	405.000,00
EDIFICACIÓN	600.000	8	240.000,00	32.000,00	0,00	0,00	328.000,00
REURBANIZACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
EQUIPO TÉCNICO	101.634		29.000,00	29.000,00	43.634,00	0,00	0,00
REALOXOS	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	1.601.634	58	674.000,00	151.000,00	43.634,00	0,00	733.000,00
%	100,00		42,08	9,43	2,72	0,00	45,77

A presente proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS o financiamento dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018, do 9 de marzo.

En consecuencia, propónse ao Alcalde do Concello de Vigo, por proposta da Concelleira delegada de Urbanismo, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2021 no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da “Área de Rehabilitación de Centro Histórico do Casco Vello”, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	CUSTO ACTUACION	Nº ACTUACIÓN	ACHEGA MITMA	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	900.000	50	405.000,00	90.000,00	0,00	0,00	405.000,00
EDIFICACIÓN	600.000	8	240.000,00	32.000,00	0,00	0,00	328.000,00
REURBANIZACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
EQUIPO	101.634		29.000,00	29.000,00	43.634,00	0,00	0,00



Concello de Vigo

TÉCNICO							
REALOXOS	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	1.601.634	58	674.000,00	151.000,00	43.634,00	0,00	733.000,00
%	100,00		42,08	9,43	2,72	0,00	45,77

SEGUNDO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Agenda Urbana e o Concello de Vigo para o financiamento das actuacións de rehabilitación, edificación, de equipamento e das oficinas de información, xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables para a área con financiamento estatal e autonómico.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, a certificación de ter realizado convocatoria así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de anualidades anteriores dentro do PEV 2018-2021, para a participación na anualidade 2021 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) FASE 14 DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS. EXPTE. 3690/431.

Visto o acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo, sesión ordinaria do 29/06/2021, dáse conta do informe-proposta de data 23/06/2021, asinado pola directora da oficina de Rehabilitación da XMU e conformado polo xerente da XMU, que di o seguinte:

Como parte do procedemento de solicitude de participación na anualidade 2021 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “Área de Rehabilitación Integral de Bouzas”, e seguindo co establecido na Resolución do 03 de xuño de 2021, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2021 (en diante R.03.06.2021) e, segundo as Resolucións do 19 de xuño de 2020, do 31 de maio de 2019 e 3 de agosto de 2018 (en diante R.19.06.2020, R.31.05.2019 e R.03.08.2018 respectivamente), o Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítese o seguinte informe proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

En setembro de 2002 apróbase definitivamente o Plan especial de Protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas.

En data 25 de marzo de 2003 o Casco Histórico de Bouzas en Vigo obtivo a declaración de “Área de Rehabilitación” pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

Este recoñecemento administrativo permitiu o desenvolvemento de accións específicas con financiamento público de Plans Estatais dende o ano 2004 ata a actualidade para conseguir a rehabilitación integral do conxunto.

Neste intre, están en vigor convenios e addendas asinados o 14.03.2015, 27.10.2015, 26.10.2017, 4.07.2018, 26.10.2018, 14.12.2018, 22.10.2019, 18.03.2020, 16.04.2020 e 29.10.2020 para as fases 8, 9, 10, 11, 12 e 13 da ARI de Bouzas segundo o PE 2013-2016, a súa prórroga e o PEV 2018-2021

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, o 16.06.2021 publica no DOG, a R.03.06.2021 que xunto coas R.19.06.2020, R.31.05.2019, R.03.08.2018 e o RD 106/2018 regulan o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na Comunidade autónoma de Galicia.

Na última Resolución publicada pola Xunta de Galicia, se establece, no seu artigo trixésimo, un prazo dun mes a contar desde o día seguinte hábil ao da súa publicación no DOG, para que se proceda a remisión dunha solicitude ao Director Xeral do IGVS segundo o modelo establecido como ANEXO I para participar no Programa por cada unha das ARIs que se queiran incorporar a este programa, un certificado do acordo municipal de solicitar a participación co compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico, os impresos do Anexo II relativo á oficina municipal de rehabilitación e un certificado do titular da Secretaría municipal do Concello conforme a ARI non obtivo financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do PEV 2018-2021 ou, que se realizou a correspondente convocatoria, así como o grao de execución das actuacións ou do financiamento comprometido, de cada acordo desa ARI, nos termos que se establezan en cada procedemento de apertura do prazo de presentación de solicitudes de participación neste programa.

Históricos

O casco histórico de Bouzas, nace como unha estación non permanente da actividade pesqueira, lugar elixido polos pescadores para construír uns alpendres donde albergarse na boca da ría, consolidase coma asentamento estable no século XII. Bouzas evolucionou en permanente competencia con Vigo conseguindo o privilexio de carga e descarga da sal e salgadura de pescado con alfolí propio.

Foi adxudicada á Mitra de Tui en 1371 e obtivo a condición de concello propio dende o século XVI, recibindo en 1778 do rei Carlos III o título de “villa”.

En 1843 o municipio de Bouzas tiña 12 km² de territorio. As actividades na villa eran as de construción de buques menores, fabricación de fiados, industrias de salgadura de sardiñas e outros oficios.

No ano 1904 e mediante un decreto publicado na Gaceta Oficial foi anexionada definitivamente ao Concello de Vigo.



Concello de Vigo

O seu carácter histórico contrasta coa súa degradación física e a progresiva perda dos valores mariñeiros, coa integración na cidade de Vigo coma un barrio máis.

A desaparición das súas actividades económicas tradicionais, a hiperespecialización en actividades portuarias a gran escala e a formación de grandes actuacións urbanísticas de reforma interior no seu entorno.

Relativos ó planeamento urbanístico

O ámbito delimitado e coincidente coa delimitación xa reflectida no PEPRI de Bouzas, conta con Declaración de “Área de rehabilitación Integral” dende o 22 de marzo de 2003.

O ámbito inclúe unha superficie total de 13,89 Ha, e afecta a un número total de 500 vivendas.

O concello de Vigo aprobou o PEPRI de Bouzas en setembro de 2002 xa que considerou importante a rehabilitación deste barrio para a súa incorporación á cidade de Vigo recuperando e potenciando a súa identidade.

2. SITUACIÓN ACTUAL

Dende o ano 2004 até a actualidade asináronse acordos de diferentes Plans de Vivenda para un total de 13 fases para conseguir a rehabilitación integral da Área de Rehabilitación de Bouzas en Vigo.

Como quedou indicado anteriormente, na actualidade están en período de execución actuacións no marco dos convenios e addendas das Fases 8, 9, 10, 11, 12 e 13 de Bouzas.

Do convenio de incorporación ao PE 2013-2016, a fase 8 asinouse para un total de 11 actuacións de Rehabilitación contando cunha achega do Ministerio de Fomento para as obras de rehabilitación de 55.000€, das que están executadas 5 actuacións que contan con cualificación definitiva. Unha actuación de urbanización está pendente de executar e conta con cualificación provisional. Están dispoñibles 6 actuacións de rehabilitación e 29.353€ do ministerio

En data 27/10/2015, asínase o convenio para a fase 9 da ARI declarada de Bouzas para un total de 20 actuacións de rehabilitación, ampliadas posteriormente ata 55 actuacións de rehabilitación e ampliación da súa vixencia mediante acordos recollidos nas addendas asinadas o 10.06.2016, 26.10.2017, 04.07.2018, 14.12.2018 e 18.03.2020. 24 actuacións están rematadas, 1 actuación está pendente de primeira ocupación. 24 actuacións de rehabilitación e 1 obra de reurbanización contan con Cualificación definitiva, 1 actuación de rehabilitación conta con Cualificación provisional. Están dispoñibles 30 actuacións de rehabilitación e 44.444,19 € do Ministerio e 1 actuación de reurbanización con 3.962,81€ do Ministerio.

O convenio da fase 10 asinouse para un total de 30 actuacións de rehabilitación, 1 de edificación e obras de urbanización, ampliadas posteriormente ata 100 actuacións de rehabilitación e 2 de edificación e prorrogada a súa vixencia mediante acordos recollidos nas addendas asinadas o 04.07.2018, 14.12.2018 e 18.03.2020. Esta fase ten 98 actuacións rematadas e con cualificacións definitivas. Están dispoñibles 2 actuacións de rehabilitación e 55.625,33 € do Ministerio e 16.408,70 da Xunta e 2 actuacións de edificación con 60.000€ do Ministerio.

O convenio da fase 11 asinouse o 26.10.2018 e addenda o 16.04.2020, para un total de 50 actuacións de rehabilitación, 6+1 de edificación e 2 obras de urbanización. Están seleccionadas 42 actuacións de rehabilitación 121.373,53€ do Ministerio e 25.385,36€ de Xunta e 7 de edificación cunha achega de 210.000€ do Ministerio. 29 actuacións están rematadas, 10 actuacións en execución ou pendentes de final de obra, 7 pendentes de inicio e 3 pendentes de licenza. 26 actuacións de rehabilitación e 1 actuación de edificación contan con Cualificación definitiva, 16 actuacións de rehabilitación e 6 de edificación contan con Cualificación provisional. Están dispoñibles 8 actuacións de rehabilitación, con 37.626,47€ do Ministerio e 19.614,64€ da Xunta e 2 actuacións de reurbanización con 11.200€ do Ministerio.

O convenio da fase 12 asinouse o 22.10.2019 para un total de 20 actuacións de rehabilitación con 66.400€ de fondos do Ministerio, 16.000€ da Xunta para rehabilitación e 3 de edificación con 90.000€ do Ministerio. Están seleccionadas 3 actuacións de edificación cunha achega de 90.000€ do Ministerio e 9 actuacións de rehabilitación con 62,854,67€ do Ministerio e 15.345,38€ da Xunta. 3 actuacións de edificación e 9 de rehabilitación están en execución. 9 actuacións de rehabilitación e 3 de edificación contan con Cualificación provisional. Están dispoñibles 11 actuacións de rehabilitación con 3545,33€ do Ministerio e 654,62€ da Xunta.

O convenio da fase 13 asinouse o 29.10.2020 para 8 actuacións de rehabilitación con 19.520 do Ministerio e 4.880 € da Xunta e 2 actuacións de renovación con 60.000€ do Ministerio. Están seleccionadas 6 actuacións de rehabilitación cunha achega de 8.822,53€ do Ministerio e 2.205,62€ da Xunta de Galicia, e 2 actuacións de renovación con 60.000€ do Ministerio. As 6 actuacións de rehabilitación están pendentes de inicio de obras, as 2 actuacións de edificación están en execución. Está remitida toda a documentación para acadar a súa Cualificación provisional. Están dispoñibles 2 actuacións de rehabilitación, 10697,47€ do Ministerio e 2674,38€ Xunta.

O Concello de Vigo, pon moito énfasis no cumprimento dos prazos e dos obxectivos que se asinan no marco dos Plan Estatais destinados á Vivenda e Rehabilitación.

Como consecuencia destes acordos asinados, a día de hoxe contabilizamos 407 actuacións de rematadas e 47 actuacións en obra ou pendentes de licenza.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por



Concello de Vigo

obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servizos e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación construtiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretendía era coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 9 do D18/2014, corresponderase cunha Área de Rehabilitación Integral de Conxunto Histórico por estar dentro dun conxunto histórico, conta cun plan de especial protección con máis de 50 vivendas.

4. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen es asumam a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

9. Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

10. Polo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas descritas no ordinal vixésimo da R.03.06.2021, serán:

11. Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.

—A contía máxima das axudas contidas no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación, agás para o realoxamento das familias e para o financiamento do custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, nos cales non operará este límite porcentual.

–Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 % cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Aplicarase esta mesma porcentaxe cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

12. Axuda unitaria máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas, que contén coa súa correspondente referencia catastral, polas axudas unitarias establecidas a seguir:

–Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

–Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, de mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do RD 106/2018, do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.a) do dito real decreto e no ordinal décimo sétimo da R.03.06.2021.

–No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, as contías sinaladas máis arriba incrementaranse con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declarados ben de interese cultural (en diante, BIC), catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións sinaladas nas letras a) e b) deste punto 2.

–Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída.

–Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

–Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo 3 anos, para actuacións de realoxamento temporal.

En data 18.01.2021 publícanse no BOP nº 10, as Bases Regulatoras das axudas para a convocatoria pública de axudas con financiamento no Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 para a fase 4 da ÁRI Casas de Santa Clara e no BOP nº 14 do 22 de xaneiro de 2021, a 1ª convocatoria pública. O prazo para a entrega de solicitudes oficiais e documentación desta 1ª convocatoria se abre o 23 de xaneiro de 2021 e péchase o 8 de marzo de 2021. Nesta convocatoria se presentan dúas solicitudes oficiais para un total de 5 actuacións pero quedan en lista de espera ao non poder cubrir a subvención calculada co financiamento dispoñible. Polo que seguen dispoñibles 6 actuacións de rehabilitación, 7.452€ do Ministerio e 1.620€ Xunta.

Como consecuencia destes acordos asinados, a día de hoxe contabilizamos 23 actuacións rematadas e 5 actuacións en execución.

O Concello de Vigo, pon moito énfases no cumprimento dos prazos e dos obxectivos que se asinan no marco dos Plan de Vivenda e Rehabilitación.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, o 16.06.2021 publica no DOG, a R.03.06.2021 que xunto coas R.19.06.2020, R.31.05.2019, R.03.08.2018 e o RD 106/2018 regulan o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na Comunidade autónoma de Galicia.

Na última Resolución publicada pola Xunta de Galicia, se establece, no seu artigo trixésimo, un prazo dun mes a contar desde o día seguinte hábil ao da súa publicación no DOG, para que se proceda a remisión dunha solicitude ao Director Xeral do IGVS segundo o modelo establecido como ANEXO I para participar no Programa por cada unha das ARIs que se queiran incorporar a este programa, un certificado do acordo municipal de solicitar a participación co compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico, os impresos do Anexo II relativo á oficina municipal de rehabilitación e un certificado do titular da Secretaría municipal do Concello conforme a ARI non obtivo financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do PEV 2018-2021 ou, que se realizou a correspondente convocatoria, así como o grao de execución das actuacións ou do financiamento comprometido, de cada acordo desa ARI, nos termos que se establezan en cada procedemento de apertura do prazo de presentación de solicitudes de participación neste programa.

Relativos ó planeamento urbanístico

O ámbito delimitado de acordo coa delimitación xa reflectida no PXOM con aprobación definitiva parcial por Orde da Consellería de Política Territorial de data 16 de maio de 2008,



Concello de Vigo

e aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde anterior pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de Xullo de 2009 para o Concello de Vigode Vigo, estaba clasificado como SOLO URBANO CONSOLIDADO como ordenanza 8 de conxuntos reformables, ocupa unha superficie de 8.795,76 m², e espállase polas rúas Ramón Nieto e Barriada Santa Clara e serviu de base para a declaración de ARI.

Esta ordenanza regulaba áreas urbanas con tipoloxía edificatoria propia das vivendas de promoción pública, como neste caso, de vivendas construídas a petición dunha empresa para acoller aos seus traballadores, polo ministerio de industria na súa época.

O ámbito así determinado denomínase Grupo de Casas de Santa Clara, pero no PXOM non se establecía medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria por ser un grupo de vivendas concibido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

O ámbito é, polo tanto, un continuo ordenado, escasamente integrado no seu contorno.

O PXOM de 2008 quedou derogado por sentenza do TSX o 10.11.2015 polo que está en vigor o PXOU de 1993, sendo de aplicación a ordenanza 1.2.B, residencial de edificación aberta de media intensidade.

Encóntrase a unha altitude aproximada de 99.20 m sobre o nivel do mar e está localizado dentro da delimitación do código postal 36205.

Segundo a memoria que serviu para a declaración de ARI, o orzamento necesario para a rehabilitación do parque de vivendas ascendía á cantidade de 3.428.403 euros para o total das 96 vivendas incluídas e os custos de reurbanización, ascenderían a 635.218 euros.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servizos e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación construtiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretendía era coordinar as actuacións das

Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 9 do D18/2014, corresponderase cunha Área de Rehabilitación Integral Xeral por non estar dentro dun conxunto histórico nin nun concello de menos de 5.000 habitantes.

4. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.
- Polo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas descritas no ordinal vixésimo da R.03.06.202, serán:

Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.

–A contía máxima das axudas contidas no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación, agás para o realoxamento das familias e para o financiamento do custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, nos cales non operará este límite porcentual.



–Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 % cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Aplicarase esta mesma porcentaxe cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

Axuda unitaria máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas, que contén coa súa correspondente referencia catastral, polas axudas unitarias establecidas a seguir:

- Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.
- Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, de mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do RD 106/2018, do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.a) do dito real decreto e no ordinal décimo sétimo da R.03.06.2021.
- No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, as contías sinaladas máis arriba incrementarase con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarase en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declarados ben de interese cultural (en diante, BIC), catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións sinaladas nas letras a) e b) deste punto 2.
- Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída.
- Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.
- Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo 3 anos, para actuacións de realoxamento temporal.
- Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída, para financiar o custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de

Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a subscripción do Acordo da Comisión Bilateral e cada actuación no prazo indicado na súa cualificación provisional.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co ordinal vixésimo primeiro da R.03.06.2021 publicada o día 16 de xuño no Diario Oficial de Galicia, establécense as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

– Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación sen que a subvención poida exceder do 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas.

– Ata 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que publícase mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS

A R.03.06.2021, recolle no seu ordinal oitavo a participación dos concellos no programa que teñan algunha área de rehabilitación declarada, non obstante, o IGVS poderá establecer limitacións á participación dos concellos que xa obtivesen financiamento con cargo a convocatorias anteriores no ámbito do Plan 2018-2021.

O acordo específico que se asine levará o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán segundo a R.03.06.2021.

A R.03.06.2021 establece no seu ordinal décimo cuarto e seguintes, a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu ordinal décimo sétimo se establecen as actuacións subvencionables:

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo,, son actuacións subvencionables as seguintes:



Concello de Vigo

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no citado artigo.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.
4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:
 - a) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.
 - b) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.
 - c) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:
 - En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable dos escorregamentos urbanos, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.
 - En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.
 - En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.
 - En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.
5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.

6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras edificacións demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do gozo dunha vivenda digna nun contexto integrador.

7. Así mesmo, serán subvencionables:

a) Os custos dos programas de realoxamento temporal das persoas ocupantes de inmobles que deban ser desaloxadas da súa vivenda habitual ou, de ser o caso, de que ocupasen unha infravivenda ou unha chabola, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes na súa nova contorna.

b) Os gastos de equipamento e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2021 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2021 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.03.06.2021, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación e certificado da persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI, tras obter financiamento, realizouse a correspondente convocatoria así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de cada acordo da ARI.

O Concello de Vigo solicitou participar nas anualidades 2018 e 2020 do PEV 2018-2021 e asinou convenios para a ARI de Santa Clara en Vigo correspondentes ás fases 3 e 4 desta ARI que teñen a súa tramitación como se indica no apartado 2 deste informe.

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a solicitude de participación da **Área de Rehabilitación Integral Xeral de Casas de Santa**



Concello de Vigo

Clara para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2021 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACIÓN	Nº DE ACTUACIÓN	ACHEGA MITMA	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	108.000,00	18	64.800,00	10.800,00	0	0	32.400,00
EDIFICACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
REURBANIZACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
EQUIPO TÉCNICO	35.181,00		9.000,00	3.600,00	22.581,00	0,00	0,00
REALOXOS	0		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	143.181,00	18	73.800,00	14.400,00	22.581,00	0,00	32.400,00
%	100,00		51,54	10,06	15,77	0,00	22,63

A presente proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS o financiamento dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018.

En consecuencia, propónse ao Alcalde do Concello de Vigo, por proposta da Concelleira delegada de Urbanismo, a adopción da seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2021 no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da “**Área de Rehabilitación Integral Xeral de Casas de Santa Clara**”, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACIÓN	Nº DE ACTUACIÓN	ACHEGA MITMA	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	108.000,00	18	64.800,00	10.800,00	0	0	32.400,00
EDIFICACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
REURBANIZACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
EQUIPO TÉCNICO	35.181,00		9.000,00	3.600,00	22.581,00	0,00	0,00
REALOXOS	0		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	143.181,00	18	73.800,00	14.400,00	22.581,00	0,00	32.400,00
%	100,00		51,54	10,06	15,77	0,00	22,63

SEGUNDO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e o Concello de Vigo para o financiamento das actuacións de rehabilitación, de equipamento e das oficinas de información, xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables para a área con financiamento estatal e autonómico.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, a certificación de ter realizado convocatoria así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de anualidades anteriores dentro do PEV 2018-2021, para a participación na anualidade 2021 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de Vivenda 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E) FASE 1 DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE BEIRAMAR.EXPTE. 3693/431.

Visto o acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo, sesión ordinaria do 29/06/2021, dáse conta do informe-proposta de data 23/06/2021, asinado pola directora da oficina de Rehabilitación da XMU e conformado polo xerente da XMU, que di o seguinte:

Como parte do procedemento de solicitude de participación na anualidade 2021 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “**Área de Rehabilitación Integral de Ámbitos Urbanos de Beiramar**”, e segundo o establecido na Resolución do 3 de xuño de 2021, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2021 (en diante R.03.06.2021) e, segundo as Resolucións do 19 de xuño de 2020, do 31 de maio de 2019 e do 3 de agosto de 2018 (en diante R.19.06.2020, R.31.05.2019 e R.03.08.2018 respectivamente), o Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítense o seguinte informe proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

Esta área construída nos anos 70, se sitúa unha das promocións de vivenda vinculada á industria do mar no Concello de Vigo e tivo a súa declaración como **Área de Rehabilitación Integral de Ámbitos Urbanos de Beiramar** por resolución da Conselleira e Presidenta do IGVS o 02.06.2021.

2. SITUACIÓN ACTUAL

A Área de rehabilitación integral de ámbitos urbanos de Beiramar inclúe 70 vivendas agrupadas en 7 edificios cunha superficie construída de 3.990 m² sobre unha superficie de solo de 2.808,60 m². Segundo os datos de catastro, os bloques están edificadas en 1975.

Os datos da totalidade das vivendas do grupo, as súas referencias catastrais, enderezos con rúas e números postais, reparto das vivendas por bloques, as superficies e o seu estado



Concello de Vigo

de conservación da edificación, é diferente para cada un e recóllese na memoria que se xunta no expediente.

Aínda que o grupo, conta cunha actuación urbanística integradora, ésta é froito das políticas de vivenda dos anos 45 a 80, as formulacións orixinais da urbanización os seus acabados están obsoletos na actualidade e completamente degradados. Os espazos públicos non contan coas medidas axeitadas para a súa adaptación á mobilidade reducida ou á supresión de barreiras arquitectónicas. Nas edificacións producíronse distintas actuacións de mellora nos portais, escaleiras e nos accesos pero non queda resolta a supresión de barreiras arquitectónicas nas edificacións.

O espazo libre está conformado polos espazos que quedan entre os bloques, de carácter residual e xerados na súa contorna ou bordo até as parcelas ou os bloques de edificios máis próximos.

No ámbito, o uso fundamental é o residencial, presenta espazos libres xa pavimentados con baldosa de formigón, vexetación e terra compactada.

O modelo de vivenda é semellante entre os edificios e forma unha proposta única de distribución de articulación dos bloques que a forman. Exteriormente as edificacións presentan un estado bastante uniforme.

O estado da edificación, o seu deterioro e en especial a necesidade de supresión de barreiras arquitectónicas, provoca a necesidade de intervención en todo o ámbito proposto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renda ou os seus recursos son escasos, o que fai aínda máis urxente a resolución dos problemas de accesibilidade tanto nos espazos públicos coma nos edificios.

Relativos ó planeamento urbanístico

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993.

A día de hoxe hai un instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (IOP) aprobado definitivamente polo pleno do Concello o 24.07.2019, de aplicación con carácter xeral á espera da aprobación definitiva do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal que está contratada a súa redacción.

A delimitación da ARIAU non está afectada pola IOP e rexerese polas ordenanzas do PXOM 93.

As obras que se seleccionarán nos edificios serán de restauración, conservación, rehabilitación, obras exteriores, todas elas compatibles co PXOM vixente.

As urbanizacións contarán cos proxectos de urbanización necesarios segundo a lei de Ordenación da Edificación e lei de Contratos do Sector Público, no que se pormenoricen as obras e o cumprimento da normativa.

Nesta área construída nos anos 70, se sitúa unha das promocións de vivenda vinculada á industria do mar no Concello de Vigo, no PXOM non se establecen polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser un grupo de vivendas concibido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de xullo, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARIs teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servizos e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación construtiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espacio urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 50 na Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia correspóndese cunha Área de Rehabilitación Integral de Ámbitos Urbanos por non estar dentro dun conxunto histórico nin nun concello de menos de 5.000 habitantes con configuración predominantemente rural. O ámbito delimitado deberá ter como mínimo 50 vivendas.

Sen prexuízo do anterior, intentarase incluír esta declaración de Área de rehabilitación integral de ámbitos urbanos (ARIAU) dentro do Programa de Fomento da Rexeneración e Renovación Urbana e Rural ao abeiro do Real Decreto 106/2018 de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivienda 2018-2021 (de aquí en adiante PEV).

4. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.



Concello de Vigo

Os beneficiarios serán quen es asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.
- Polo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas descritas no ordinal vixésimo da R.03.06.2021, serán:

-Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.

- A contía máxima das axudas contidas no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación, agás para o realoxamento das familias e para o financiamento do custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, nos cales non operará este límite porcentual.
- Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 % cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Aplicarase esta mesma porcentaxe cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas, que contén coa súa correspondente referencia catastral, polas axudas unitarias establecidas a seguir:

–Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

–Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, de mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do RD 106/2018, do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.a) do dito real decreto e no ordinal décimo sétimo da R.03.06.2021.

–No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, as contías sinaladas máis arriba incrementaranse con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declarados ben de interese cultural (en diante, BIC), catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez,

independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións sinaladas nas letras a) e b) deste punto 2.

–Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída.

–Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

–Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo 3 anos, para actuacións de realoxamento temporal.

–Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída, para financiar o custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a subscripción do Acordo da Comisión Bilateral e cada actuación no prazo indicado na súa cualificación provisional.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co ordinal vixésimo primeiro da R.03.06.2021 publicada o día 16 de xuño no Diario Oficial de Galicia, establece as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

- Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación sen que a subvención poida exceder do 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas.
- – Ata 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que publícase mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL

A R.03.06.2021, recolle no seu ordinal oitavo a participación dos concellos no programa que teñan algunha área de rehabilitación declarada, non obstante, o IGVS poderá establecer



limitacións á participación dos concellos que xa obtivesen financiamento con cargo a convocatorias anteriores no ámbito do Plan 2018-2021.

O acordo específico que se asine levará o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán segundo a R.03.06.2021.

A R.03.06.2021 establece no seu ordinal décimo cuarto e seguintes, a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu ordinal décimo sétimo se establecen as actuacións subvencionables:

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no citado artigo.

2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:

a) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.

b) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.

c) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:

– En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable dos escorrementos urbanos, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.

– En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.

– En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso

tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.

– En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.

5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.

6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras edificacións demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do gozo dunha vivenda digna nun contexto integrador.

7. Así mesmo, serán subvencionables:

a) Os custos dos programas de realoxamento temporal das persoas ocupantes de inmobles que deban ser desaloxadas da súa vivenda habitual ou, de ser o caso, de que ocupasen unha infravivenda ou unha chabola, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes na súa nova contorna.

b) Os gastos de equipamento e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se establece nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2021 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2021 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.03.06.2021, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación e certificado da persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI, tras obter financiamento, realizouse a correspondente convocatoira así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de cada acordo da ARI.



Concello de Vigo

A estimación que podemos facer a día de hoxe, é que o Concello de Vigo poderá cumprir os obxectivos que ten asinados ata o momento e considérase especialmente oportuno promover a día de hoxe, a solicitude de participación da **Área de rehabilitación Integral de Beiramar** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2021 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACION	Nº DE ACTUAC	ACHEGA MITMA	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	195000	30	120900	19500	0	0	54600
EDIFICACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
REURBANIZACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
EQUIPO TÉCNICO	82089		15000	6000	61089	0,00	0,00
REALOXOS	0		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	277089	30	135900	25500	61089	0,00	54600
%	100,00		49,05	9,2	22,05	0,00	19,7

A presente proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.

6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras edificacións demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do gozo dunha vivenda digna nun contexto integrador.

7. Así mesmo, serán subvencionables:

a) Os custos dos programas de realoxamento temporal das persoas ocupantes de inmobles que deban ser desaloxadas da súa vivenda habitual ou, de ser o caso, de que ocupasen unha infravivenda ou unha chabola, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes na súa nova contorna.

b) Os gastos de equipamento e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas



Concello de Vigo

previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2021 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2021 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.03.06.2021, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación e certificado da persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI, tras obter financiamento, realizouse a correspondente convocatoria así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de cada acordo da ARI.

A estimación que podemos facer a día de hoxe, é que o Concello de Vigo poderá cumprir os obxectivos que ten asinados ata o momento e considérase especialmente oportuno promover a día de hoxe, a solicitude de participación da **Área de rehabilitación Integral de San Pablo** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2021 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACIÓN	Nº DE ACTUACIÓN	ACHEGA MITMA	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	195.000,00	30	120.900,00	19.500,00	0	0	54.600,00
EDIFICACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
REURBANIZACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
EQUIPO TÉCNICO	78.180,00		21.000,00	6.000,00	51.180,00	0,00	0,00
REALOXOS	0		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	273.180,00	30	141.900,00	25.500,00	51.180,00	0,00	54.600,00
%	100,00		51,94	9,33	18,74	0,00	19,99

A presente proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

S.ord. 08/07/2021

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS o financiamento dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018, do 9 de marzo.

En consecuencia, propónse ao Alcalde do Concello de Vigo, por proposta da Concelleira delegada de Urbanismo, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2021 no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da “Área de Rehabilitación Integral de San Pablo”, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACIÓN	Nº DE ACTUACIÓN	ACHEGA MITMA	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	195.000,00	30	120.900,00	19.500,00	0	0	54.600,00
EDIFICACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
REURBANIZACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
EQUIPO TÉCNICO	78.180,00		21.000,00	6.000,00	51.180,00	0,00	0,00
REALOXOS	0		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	273.180,00	30	141.900,00	25.500,00	51.180,00	0,00	54.600,00
%	100,00		51,94	9,33	18,74	0,00	19,99

SEGUNDO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e o Concello de Vigo para o financiamento das actuacións de rehabilitación, de equipamento e das oficinas de información, xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables para a área con financiamento estatal e autonómico.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, a certificación de non ter solicitado financiamento en anualidades anteriores para esta ARI dentro do PEV 2018-2021, para a participación na anualidade 2021 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de Vivenda 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

H) FASE 1 DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DESCONTINUA DE SAN ROQUE. EXPTE. 3696/431.

Visto o acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo, sesión ordinaria do 29/06/2021, dáse conta do informe-proposta de data 23/06/2021, asinado pola directora da oficina de Rehabilitación da XMU e conformado polo xerente da XMU, que di o seguinte:

Como parte do procedemento de solicitude de participación na anualidade 2021 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “Área de Rehabilitación Integral Descontinua de Ámbitos Urbanos de San Roque”, e segundo o establecido na Resolución do 3 de xuño de 2021, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2021 (en diante R.03.06.2021) e, segundo as Resolucións do 19 de xuño de 2020, do 31 de maio de 2019 e do 3 de agosto de 2018 (en diante R.19.06.2020, R.31.05.2019 e R.03.08.2018 respectivamente), o Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítase o seguinte informe proposta :

1. ANTECEDENTES

Xerais

Esta área construída nos anos 40 consta de dúas zonas, se sitúan unha promocións de vivenda realizadas por iniciativas do “Instituto Nacional de Vivienda” e da “Obra Sindical del Hogar” no Concello de Vigo e tivo a súa declaración como **Área de Rehabilitación Integral Descontinua de Ámbitos Urbanos de San Roque** por resolución da Conselleira e Presidenta do IGVS o 02.06.2021.

2. SITUACIÓN ACTUAL

A Área de Rehabilitación Integral Descontinua de Ámbitos Urbanos de San Roque inclúe 271 vivendas agrupadas en 53 edificios cunha superficie construída de 19.552 m² sobre unha superficie de solo de 27.058,57 m². Segundo os datos de catastro os bloques están edificadas nos anos 40 aínda que nalgún caso fíxose unha substitución ou reforma integral do edificio.

Os datos da totalidade das vivendas do grupo, as súas referencias catastrais, enderezos con rúas e números postais, reparto das vivendas por bloques, as superficies e o seu estado de conservación da edificación, é diferente para cada un, e recóllese na memoria que se xunta no expediente correspondente.

Aínda que o grupo, conta cunha actuación urbanística integradora, esta é froito das políticas de vivenda dos anos 40 a 80, as formulacións orixinais da urbanización os seus acabados están obsoletos na actualidade e completamente degradados. Os espazos públicos non contan coas medidas axeitadas para a súa adaptación á mobilidade reducida ou á supresión de barreiras arquitectónicas. Nas edificacións producíronse distintas actuacións de mellora

nos portais, escaleiras e nos accesos pero non queda resolta a supresión de barreiras arquitectónicas nas edificacións.

O espazo libre é de titularidade pública pero nalgún caso en este tipo de promocións, é de titularidade privada ou non está transferida ao Concello de Vigo, e está conformado polos espazos libres que quedan entre os bloques, de carácter residual e xerados na súa contorna ou bordo ate as parcelas ou os bloques de edificios máis próximos.

No ámbito proposto, o uso fundamental é o residencial, presenta espazos libres xa pavimentados con asfalto, baldosa de formigón, vexetación e terra compactada.

O modelo de vivenda é semellante entre os edificios da mesma tipoloxía ao formar dúas propostas, a da parte norte e a da parte sur do ámbito. Os grupos se distribúen en fieiras ou en bloques individuais ordenados nunha trama cuadrangular. Exteriormente as edificacións presentan un estado desigual polas diferentes técnicas construtivas e debido a un desigual mantemento.

O estado da edificación, o seu deterioro xeneralizado e en especial a necesidade de supresión de barreiras arquitectónicas, provoca a necesidade de intervención en todo o ámbito proposto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renda ou os seus recursos son escasos, o que fai aínda máis urxente a resolución dos problemas de accesibilidade tanto nos espazos públicos coma nos edificios..

Relativos ó planeamento urbanístico

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993.

A día de hoxe hai un instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (IOP) aprobado definitivamente polo pleno do Concello o 24.07.2019, de aplicación con carácter xeral á espera da aprobación definitiva do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal que está contratada a súa redacción.

Dentro da delimitación do ARIDAU, este instrumento de ordenación afecta ás vivendas situadas en San Roque norte e a parte dun viario que esta situado en San Roque sur, este viario estaría incluído na ordenanza 13 do IOP que rexe os equipamentos.

O grupo formado polas vivendas próximas ao Pazo de San Roque (San Roque Norte) terán que cumprir coas seguintes ordenanzas do IOP:

- As edificacións que dan fronte ás rúas Cedro e Nogueira cumpriran coa ordenanza 4 de edificación en aliañación de rúa no seu grao 3º.
- As vivendas con fronte ás rúas Poeta Pondal e Amador Montenegro cumpriran coa ordenanza 9 de edificación de vilas e chalés no seu grao 6º.
- O resto das vivendas existentes na delimitación do ARIDAU (San Roque sur) non están incluídas nas zonas delimitadas polo IOP polo que se rexerán polas ordenanzas establecidas no PXOM 93. As vivendas atópanse dentro da ordenanza 1.2. edificación aberta de media densidade (1.2.B) e as zonas incluídas en ordenanza 3.3 correspóndense con zonas culturais e sociais.



Concello de Vigo

As obras que se seleccionarán nos edificios serán de restauración, conservación, rehabilitación, obras exteriores, serán, todas elas compatibles coa normativa urbanística vixente.

As urbanizacións contarán cos proxectos de urbanización necesarios segundo a lei de Ordenación da Edificación e lei de Contratos do Sector Público, no que se pormenoricen as obras e o cumprimento da normativa.

Nesta área, o PXOM non establece polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser un grupo de vivendas concibido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de xullo, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARIs teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servizos e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación construtiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espacio urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 50 na Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia correspóndese cunha Área de Rehabilitación Integral de Ámbitos Urbanos por non estar dentro dun conxunto histórico nin nun concello de menos de 5.000 habitantes con configuración predominantemente rural. O ámbito delimitado deberá ter como mínimo 50 vivendas.

Sen prexuízo do anterior, intentarase incluír esta declaración de Área de rehabilitación integral discontinua de ámbitos urbanos (ARIDAU) dentro do Programa de Fomento da Rexeneración e Renovación Urbana e Rural ao abeiro do Real Decreto 106/2018 de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivienda 2018-2021 (de aquí en diante PEV).

4. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o periodo 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán os que asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.
- Polo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas descritas no ordinal vixésimo da R.03.06.2021, serán:

Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.

–A contía máxima das axudas contidas no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación, agás para o realoxamento das familias e para o financiamento do custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, nos cales non operará este límite porcentual.

–Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 % cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Aplicarase esta mesma porcentaxe cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas, que contén coa súa correspondente referencia catastral, polas axudas unitarias establecidas a seguir:

–Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.



–Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, de mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do RD 106/2018, do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.a) do dito real decreto e no ordinal décimo sétimo da R.03.06.2021.

–No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, as contías sinaladas máis arriba incrementaranse con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declarados ben de interese cultural (en diante, BIC), catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións sinaladas nas letras a) e b) deste punto 2.

–Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída.

–Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

–Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo 3 anos, para actuacións de realoxamento temporal.

–Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída, para financiar o custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral e cada actuación no prazo indicado na súa cualificación provisional.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co ordinal vixésimo primeiro da R.03.06.2021 publicada o día 16 de xuño no Diario Oficial de Galicia, estableceuse as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

- Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación sen que a subvención poida exceder do 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas.
- – Ata 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que publícase mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL

A R.03.06.2021, recolle no seu ordinal oitavo a participación dos concellos no programa que teñan algunha área de rehabilitación declarada, non obstante, o IGVS poderá establecer limitacións á participación dos concellos que xa obtivesen financiamento con cargo a convocatorias anteriores no ámbito do Plan 2018-2021.

O acordo específico que se asine levará o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán segundo a R.03.06.2021.

A R.03.06.2021 establece no seu ordinal décimo cuarto e seguintes, a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu ordinal décimo sétimo se establecen as actuacións subvencionables:

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no citado artigo.

2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:

a) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.

b) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.

c) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:



Concello de Vigo

– En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable dos escorregamentos urbanos, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.

– En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.

– En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.

– En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.

5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.

6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras edificacións demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do gozo dunha vivenda digna nun contexto integrador.

7. Así mesmo, serán subvencionables:

a) Os custos dos programas de realoxamento temporal das persoas ocupantes de inmobles que deban ser desaloxadas da súa vivenda habitual ou, de ser o caso, de que ocupasen unha infravivenda ou unha chabola, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes na súa nova contorna.

b) Os gastos de equipamento e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2021 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2021 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.03.06.2021, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación e certificado da persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI, tras obter financiamento, realizouse a correspondente convocatoria así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de cada acordo da ARI.

A estimación que podemos facer a día de hoxe, é que o Concello de Vigo poderá cumprir os obxectivos que ten asinados ata o momento e considérase especialmente oportuno promover a día de hoxe, a solicitude de participación da **Área de rehabilitación Integral Descontinua de San Roque** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2021 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACIÓN	Nº DE ACTUAC	ACHEGA MITMA	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	260000	40	161200	26000	0	0	72800
EDIFICACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
REURBANIZACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
EQUIPO TÉCNICO	101634		20000	8000	73634	0,00	0,00
REALOXOS	0		0,00	0,00	0	0,00	0,00
TOTAL	361634	40	181200	34000	73634	0,00	72800
%	100,00		50,11	9,4	20,36	0,00	20,13

A presente proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS o financiamento dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018, do 9 de marzo.

En consecuencia, propónse ao Alcalde do Concello de Vigo, por proposta da Concelleira delegada de Urbanismo, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2021 no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da “Área de Rehabilitación Integral Descontinua de San Roque”, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:



Concello de Vigo

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACIÓN	Nº DE ACTUAC	ACHEGA MITMA	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	260000	40	161200	26000	0	0	72800
EDIFICACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
REURBANIZACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
EQUIPO TÉCNICO	101634		20000	8000	73634	0,00	0,00
REALOXOS	0		0,00	0,00	0	0,00	0,00
TOTAL	361634	40	181200	34000	73634	0,00	72800
%	100,00		50,11	9,4	20,36	0,00	20,13

SEGUNDO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e o Concello de Vigo para o financiamento das actuacións de rehabilitación, de equipamento e das oficinas de información, xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionadas para a área con financiamento estatal e autonómico.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, a certificación de ter solicitado financiamento en anualidades anteriores para esta ARI dentro do PEV 2018-2021, para a participación na anualidade 2021 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de Vivenda 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(592).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA PREVENTIVA NOCTURNA E DE RECOLLIDA E CUSTODIA DA RECADACIÓN DA TAQUILLA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 11041/612.

Visto o informe xurídico do 30/06/2021 e o informe de fiscalización do 05/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 29/06/2021, asinado polo director Réxime Interior Zoo Vigo, pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, con data 28 de outubro de 2016, acordou aprobar o expediente para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 15 de xuño de 2017, adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo “Adxudicar á UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7.173-612) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 357.797,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 62.097,00 euros.

b) Propoñen unha bolsa de horas de prestación do servizo sen custo para o Concello de 40 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Con data de 10 de xullo de 2017 a empresa adxudicataria do Contrato asina o contrato para a prestación do servizo. En dito contrato recóllese na cláusula 4 o prazo do contrato, sendo este de catro anos, e o inicio dende o 15 de xullo de 2017. Contemplándose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

2.- Fundamentos de dereito:

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece na súa Disposición transitoria primeira punto 2 que os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei, rexiránse, en canto os seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Polo tanto, o artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes. O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas na cláusula **7. Prazo de execución, punto 3)**, recóllese que “ *o presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.c da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse á prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación á data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso. O apartado 4. C da FEC contempla dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.*

A empresa que presta o servizo, “ UTE *SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA SA e LOOMIS SA* ”con CIF: U87821377, non presentou documento de oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas e presenta solicitude de prórroga mediante escrito de data 05/06/2021.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

A empresa que desenvolve o servizo “ UTE *SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA SA e LOOMIS SA* ”con CIF: U87821377, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo



Concello de Vigo

os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio.

4- Prezo anual do contrato.

A anualidade do contrato é de 89.449,25 euros IVE engadido, tras aplicar a redución porcentual dos prezos unitarios de horas de prestación do servizo previstos no apartado 3F da FEC do 0,01%.

4.1 Prezo para o período da prórroga.

Atendendo a que a primeira prórroga é por un ano de duración, distribúese o importe da anualidade cos seguintes importes: 40.997,57 euros para o 2021 e 48.451,57 euros para o ano 2022.

5.- Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria do presuposto vixente: 337.1.227.01.00 "Seguridade Nocturna". A tales efectos, existe no orzamento en vigor unha retención de crédito na referida partida por importe de 40.997,57 (RC nº 202100007854)

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 15 de xullo, e debido a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a primeira prórroga do contrato "do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo".

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3. "En particular, no se entendera como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, procédese a tramitar a prórroga do contrato dos servizos de control de accesos e atención ao público nas dependencias de VigoZoo polo período dun ano dende o 1 de outubro de 2018 ata 30 de setembro do 2019, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas no apartado 7 á empresa "UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA SA e LOOMIS SA "con CIF: U87821377, sendo o importe total do período da prórroga de 89.449,25 euros con IVE.

Polo anteriormente exposto, ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, propónse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

S.ord. 08/07/2021

Primeiro: Aprobar a prórroga dun ano do contrato para a prestación “ do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo”, á adxudicataria “ UTE *SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA SA* e *LOOMIS SA* ”con CIF: U87821377 por acordo da XGL de 15/07/2017, dende o 15 de xullo de 2021 ao 14 de xullo de 2022.

O importe total do período da prórroga, 1 ano, de 89.449,25 euros con IVE, dende o 15 de xullo de 2021 ata o 14 de xullo de 202, con cargo a seguinte partida orzamentaria do orzamento vixente, 337.1.227.01.00 “Seguridade Nocturna”, cos seguintes importes: 40.997,57 euros para o 2021 e 48.451,57 euros para o ano 2022.

Segundo: Notificar o presente acordo de prórroga á empresa “ UTE *SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA SA* e *LOOMIS SA* ”con CIF: U87821377, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

23(593).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez